

ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO LEADER 2023-2027

APARTADOS H - I



AXENCIA GALEGA
DE DESENVOLVEMENTO
RURAL



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN

APARTADOS H e I

Contido

Índice de táboas	3
Consideracións previas	4
<i>H. Obxectivos</i>	<i>6</i>
H.1. Obxectivos xerais	15
H.2. Obxectivos específicos	15
H.3. Indicadores para o seguimento do nivel de consecución dos obxectivos	18
<i>I. Plan de acción</i>	<i>22</i>
I.1. Plan de xestión	23
I.2. Liñas estratéxicas e medidas ou liñas de actuación	37
I.3. Actuacións propias de animación a realizar polo grupo	41
I.4. Plan de formación do GDR	45
I.5. Plan de cooperación e traballo en rede con outros GDR e entidades	62
I.6. Planificación temporal	74
I.7. Normas de xestión e baremo	75
I.8. Plan Financeiro	101
I.9. Plan de seguimento e avaliación	102

Índice de táboas

Táboa 1. Relación priorizada dos obxectivos xerais da estratexia	15
Táboa 2. Relación priorizada dos obxectivos específicos da estratexia	155
Táboa 3. Indicadores para o seguimento do nivel de consecución dos obxectivos ...	198
Táboa 4. Liñas estratéxicas e medidas ou propostas de actuación.....	37
Táboa 5. Programación das actuacións propias de animación a realizar polo grupo ..	45
Táboa 6. Plan de formación	60
Táboa 7. Plan de cooperación e traballo en rede	648
Táboa 8. Planificación temporal dos proxectos e actividades	794
Táboa 9. Plan Financeiro	101
Táboa 10. Indicadores de resultados e avaliación da xestión	107

Consideracións previas

O regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño, no seu Título III destina o Capítulo II ao desenvolvemento local participativo. Dita normativa define os posibles apoios financeiros, fixa o contido das estratexias de desenvolvemento local e a súa selección, establece as tarefas e condicións dos grupos de desenvolvemento rural como entidades encargadas de concibir e levar á práctica as estratexias, e finalmente, determina os posibles tipos de axuda, etc..

O desenvolvemento local participativo é o instrumento de política territorial que consiste en ceder a iniciativa de planificación ás comunidades locais, organizadas en asociacións público-privadas, que elaboran e executan unha estratexia de desenvolvemento para un territorio determinado aproveitando os seus propios recursos.

No mesmo consolídase que a formulación do desenvolvemento local participativo, denominado «Leader» no marco do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), ou calquera outro instrumento territorial de apoio a iniciativas deseñadas polos Estados membros, debe basearse nas estratexias de desenvolvemento territorial e local.

Conforme o artigo 2 do regulamento (UE) 2021/2115, polo que se establecen normas en relación coa axuda aos plans estratéxicos que deben elaborar os Estados membros no marco da PAC (regulamento PEPAC), establécese que o Desenvolvemento Local Participativo aplicárase a axuda financiada polo FEADER. Concretamente regúlase a través do artigo 77 que ordena a concesión de axudas á cooperación nas que se inclúen a preparación e execución das Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo definidas conforme ao regulamento 2021/1060.

Conforme ao indicado, é esencial que os grupos de acción local, que representan os intereses das comunidades locais, se encarguen do deseño e a execución das estratexias de desenvolvemento local participativo. Con todo, as estratexias territoriais deben desenvolverse e apoiarse baixo a responsabilidade das autoridades ou organismos pertinentes, sendo as mesmas as encargadas da súa selección. Polo tanto, a autoridade de xestión ou órgano que conteña as competencias neste ámbito, no caso actual a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), definirá os criterios de selección das devanditas estratexias.

Este instrumento, polo tanto, continúa e afonda nunha nova etapa as experiencias das súas antecesoras Leader I (1989-1993), Leader II (1994-1999), Leader PLUS (2000-2006), enfoque Leader (2007-2013) e Leader (2014-2020).

Segundo recolle o Anexo C das “bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradas na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño das futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo FEADER, e para a aprobación de estratexias de desenvolvemento local. A proposta de Estratexia de desenvolvemento local da Asociación GDR TERRAS DE MIRANDA presenta os apartados **H-OBXECTIVOS** e **I-PLAN DE ACCIÓN** co contido que se indica a continuación:

H. Obxectivos

A partir das conclusións obtidas nas epígrafes anteriores, defínense os obxectivos que se pretenden acadar coa estratexia, ordenándoos de xeito xerárquico.

I. Plan de acción

Como resultado final, descríbese un plan de acción que inclúe, o seguinte contido:

- Identificación das **liñas estratéxicas e propostas de actuación** para a consecución dos obxectivos definidos no punto anterior.
- Identificación de **proxectos que terán un impacto significativo** nos obxectivos e liñas estratéxicas de actuación, identificando novos servizos, produtos e intervencións necesarios para o desenvolvemento local.
- Programación das **actuacións propias de animación** para realizar polo grupo.
- **Plan de formación** cunha planificación dos cursos, na que conste o diagnóstico do mercado laboral do territorio, a identificación dos sectores aos que se dirixirán as actividades formativas e os requisitos mínimos para a selección do persoal formador e do alumnado.
- **Plan de cooperación con outros GDR e entidades**, onde se identifiquen as sinerxías con outros grupos ou territorios e as fórmulas de colaboración futuras mediante proxectos de cooperación ou novas formas de colaboración e accións concretas para desenvolver.
- **Normas para a xestión** da estratexia de desenvolvemento local, en particular, o plan de xestión e criterios de selección aplicables.
- **Plan financeiro** do gasto público previsto.
- **Plan de Seguimento.**

H. Obxectivos

O Desenvolvemento Local Participativo é o instrumento de política territorial que responde ao reto principal de conseguir un desenvolvemento equilibrado, utilizando os principios metodolóxicos Leader. O método Leader consiste en ceder a iniciativa de planificación ás comunidades locais, que, organizadas en asociacións público-privadas como os Grupos de desenvolvemento rural, elaboran e executan unha estratexia de desenvolvemento para un territorio determinado aproveitando os seus recursos. Este enfoque ascendente implica un reto de dinamización social para conseguir unha maior implicación da poboación na solución dos problemas comúns que lles afectan e un maior compromiso nas actuacións que proxectan e débese traducir nun aumento da gobernanza local.

A estratexia de desenvolvemento local é o documento a través do cal o territorio quere destacar esta gobernanza e polo tanto a liña de acción a seguir para acadar os obxectivos que o territorio se propoña para rachar cos desequilibrios propios do territorio rural.

Para iso, e sempre tendo en conta as principais directrices europeas, os GDRs deben de delimitar cales son os seu principais obstáculos e cales son as apostas estratéxicas para resolver os mesmos, sempre tendo en conta que o que pretende en todo caso é:

- Fomentar a creación de emprego, atendendo ás necesidades dos sectores tradicionais agrícola, gandeiro, e forestal, así como o apoio ás PEMES noutras actividades en apoio á diversificación da economía rural, favorecendo á formación, á innovación e ao emprendemento.
- Utilización eficiente dos recursos naturais e o mantemento, conservación e recuperación do patrimonio cultural, histórico, arquitectónico e medio ambiental e a súa valorización e explotación sostible.
- Mellora dos servizos públicos e a calidade de vida, que axude a paliar o déficit de oportunidades respecto do medio urbano, con especial atención á poboación máis desfavorecida ou en risco de exclusión.

Para o establecemento dos obxectivos que se definen deseguido tívose en conta de xeito preferente a análise socioeconómica realizada na fase previa á redacción desta epígrafe (Epígrafe B) xunto coas conclusión extraídas no proceso participativo relacionado no Epígrafe A.

Esta fase de definición estratéxica dou como consecuencia unha DAFO que se relaciona a continuación e cuxo resultados son os que, ben para potenciar os seus valores positivos ou para corrixir os desequilibrios provintes dos seus valores negativos, téñense en conta á hora de xustificar cada obxectivo xeral ou específico.

DAFOS POR SECTORES DE ANÁLISE

POTENCIALIDADES:

- P1 Riqueza paisaxística, patrimonial e natural
- P2 Ordenación forestal sostible
- P3 Boa situación xeográfica do territorio e comunicacións
- P4 Camiño do Norte e Camiño do Mar
- P5 Turismo (Rutas de sendeirismo, rutas BTT, escavacións arqueolóxicas, rutas ornitolóxicas, recursos xeolóxicos, etc..)
- P6 Sector agro gandeiro e de transformación
- P7 Museos etnográficos e avistamento de aves
- P8 Traslado de xente da cidade ao rural polo potencial natural
- P9 Boas coberturas de fibra óptica en todas as parroquias.
- P10 Camiño Norte, albergues públicos e privados
- P11 Sector forestal e industria de transformación madeireira
- P12 Ganderías en extensivo
- P13 Porto pesqueiro de Burela
- P14 Sector pesqueiro
- P15 Gran nivel asociativo
- P16 Boas instalacións deportivas, polo xeral
- P17 Plan REXURBE

NECESIDADES:

- N.1 Iniciativas privadas (comercio, servizos, asesorías,...)
- N.2 Creación de actividades turísticas e agro industrial
- N.3 Explotacións ecolóxicas
- N.4 Novos cultivos cos que complementar os actuais nas explotacións agrícolas
- N.5 Buscar usos e oportunidades de cultivos alternativos do monte. Recuperación de Soutos
- N.6 Fomentar o emprendemento
- N.7 Desenrolo industrial

N.8 Concellos de interior con moitas carencias polo que é difícil consolidar poboación nas mesmas

N.9 Turismo de calidade

N.10 Centros de día

N.11 Residencias

N.12 Oferta hoteleira

N.13 Nova industria de transformación do peixe

N.14 Hortas urbanas

N.15 Matadoiro na área de Viveiro

N.16 Servizos a inmigración

N.17 Xornadas de formación ambiental

N.18 Segundas transformacións de produtos primarios

N.19 Investigación forestal

AREAS DE MELLORA:

A1. Profesionalización da hostalaría

A2. Promover a inserción laboral dos xoves e o fomento do emprendemento

A3. Servizos públicos

A4. Servizos aos peregrinos

A5. Desestacionalizar o turismo

A6. Infraestruturas e transporte público (tren de cercanías) e transporte por carretera (horarios de autobuses) que faciliten as conexións entre os concellos da comarca e coas grandes cidades para facilitar o acceso á educación, á sanidade e outros servizos ou ocio.

A7. Potenciación do turismo cultural e arqueolóxico

A8. Industria madeireira

A9. Conserveiras por potenciar

A10. Revalorización da paisaxe

A11. Potenciar a arte

A12. Eficiencia enerxética

A13. Aproveitamento dos recursos da auga

A14. Conservación e promoción do patrimonio cultural

A15. Cooperativismo e asociacionismo

A16. Investigación forestal sanitaria

A17. Novos usos forestais do chan

A18. Mellora dos servizos no rural

LIMITACIÓNS:

- L1 Relevo xeracional dos negocios
- L2 Formación adecuada ao mercado laboral
- L3 Tics no rural
- L4 Chan industrial
- L5 Prazas de aloxamento
- L6 Servizo de transporte público
- L7 Problemas dos gandeiros co lobo e o xabaril

Mesas Benestar Social:

POTENCIALIDADES:

- P1 CIM
- P2 USM
- P3 Centro de día discapacidade intelectual
- P4 Centro ocupacional discapacidade intelectual
- P5 Servicio de atención temperá
- P6 Hospital Público da Mariña
- P7 Centro de saúde
- P8 Centros educativos
- P9 Infraestruturas municipais (Pavillón, Biblioteca, Garderías, Casa da Xuventude, Casa da Cultura, Centro de menores)
- P10 Servizo específico de estimulación terapéutica para persoas con alzheimer e outras demencias
- P11 Centro de rehabilitación psicosocial e laboral para persoas con enfermidade mental
- P12 Turismo
- P13 Sector marítimo
- P14 Casa do mar
- P15 Fundación Expomar
- P16 Cultura
- P17 Tecido empresarial importante
- P18 Piso protexido para persoas con enfermidade mental
- P19 Asociacións culturais, sociais, xuvenís, de mulleres, amas de casa, xuntanza (de terceira idade)

- P20 Vivenda tutelada para mulleres vítimas de violencia de xénero con enfermidade mental
- P21 Residencia e centro de día 3ª idade

NECESIDADES:

- N.1 Residencia especializada en atención a persoas con alzheimer e outras demencias
- N.2 Centro de atención diúrna especializada en alzheimer e outras demencias
- N.3 Ampliación mellora e especialización de SS. SS.
- N.4 Falta persoal cualificado
- N.5 Máis prazas en garderías
- N.6 Ampliación das prazas nos servizos de carácter social existentes
- N.7 Falta de medios de transporte, tendo en conta a gran dispersión xeográfica
- N.8 Cine
- N.9 Piscina (en Burela)
- N.10 Falta de formación específica
- N.11 Poucos recursos para afrontar todas as necesidades das asociacións
- N.12 Creación de vivendas de emerxencia para vítimas de violencia de xénero

ÁREAS DE MELLORA:

- M1. Simplificación de burocracia administrativa
- M2. Axuda técnica, fiscal, económica.
- M3. Transporte especializado para dependentes
- M4. Mellora do mobiliario dos centros
- M5. Novos centros de SS.SS. especializados
- M6. Adaptación a eficiencia enerxética
- M7. Facilidades de conciliación laboral e familiar
- M8. En Benestar social, as bases das axudas non están adaptadas ás características nin do territorio nin das pequenas asociacións que traballan neste ámbito, o que lles dificulta o acceso ás mesmas.

LIMITACIÓNS:

- L1 Dotación de chan industrial

Mesas agroforestais

POTENCIALIDADES:

- P1 Experiencia producións de calidade (IXP (Faba de Lourenzá), Horta de Mondoñedo e da Mariña, ternera gallega, porco celta, froiteiras...)
- P2 Tradición produción forestal, industria, moble, potencialidade producións acta valoración (cogomelos, castañas ...)
- P3 Na liña de adaptarse a políticas europeas, como as da granxa á mesa, economía circular e producións sostibles, área climática e territorial con moitas posibilidades.
- P4 Posibilidade de xerar sinerxías entre distintos sectores e actores do territorio (produción agro alimentaria, turismo patrimonio, comercio local)
- P5 Comarca xeograficamente atractiva para vivir e ben situada (costa, nexo Galicia e zona norte estado...), boas condicións xerar dinamismo
- P6 Localización camiño de Santiago....
- P7 Clima do territorio
- P8 Posibilidades de novas producións
- P9 Circuitos curtos de venda de produtos agro alimentarios
- P10 Potenciar os coworking para formar e informar ao sector
- P11 Transformación de produtos agro alimentarios e forestais
- P12 Incrementar as tendas locais de venda directa de produtos agro alimentarios e potenciar os produtos agro alimentarios no sector turístico

NECESIDADES:

- N.1 Formación de recursos para adaptarse ao novo contexto de dixitalización.
- N.2 Necesidade políticas apoio producións calidade e innovadoras
- N.3 Melloras mobilidade persoas (Transporte público) e mercadorías (porto, tren..)
- N.4 Apoio programas loxística para a comercialización (distribución produto comarca)
- N.5 Desenvolvemento sinerxías territorio e paquetes conxuntos
- N.6 Estudo sobre a oferta de produción agraria e apoio aos produtores na saída dos seus produtos en circuitos curtos
- N.7 Apoio da USC na validación científica para todo o proceso de circuitos curtos de consumo
- N.8 Máis visibilización e apoio comercialización produtos comarca (marca comarca) programas conxuntos....
- N.9

- N.10 Apoio produtos locais e compra pública produtos locais e de calidade (comedores escolares, hospitais), produto proximidade no comercio local, cooperativas...
- N.11 Apoio formación operadores, investigación...
- N.12 Eivas na formación dos futuros profesionais do agro, forestal... desenvolvemento escola formación na comarca (agro, produción ecolóxica...)
- N.13 Políticas acceso vivenda persoas que queiran instalarse na comarca
- N.14 Pechar ciclo produtivo para valorizar producións primarias (fabas, madeira...), posta en valor (cogomelos...), creación valor engadido diversos produtos
- N.15 Buscar condicións instalación novos produtores (acceso á terra, apoio proxecto, acceso á vivenda...)
- N.16 Medida para o problema de relevo xeracional
- N.17 Necesidade proxectos auto abastecemento enerxético, comunidades locais...
- N.18 Valorización materia orgánica (exemplo lixo orgánico concellos) pequena escala.
- N.19 Descoñecemento das posibilidades de novas plantacións no territorio
- N.20 Desmantelamento dos servizos das Extensións Agrarias
- N.21 Falta de colaboración entre o sector público e o privado no relativo á investigación
- N.22 Dinamización do sector
- N.23 Dificultades de acceso á terra para novas explotacións, sendo máis fácil cando hai relevo xeracional
- N.24 15% das terras están en explotación de eucalipto
- N.25 Falta de persoal técnico para asesoramento
- N.26 Reorientación do sector agrícola no tema enerxético e uso da auga
- N.27 Maior difusión ou algún intermediario que facilite información da disposición de terras agrarias
- N.28 Intermediación e banco de datos para dar a coñecer a vivenda dispoñible no rural para que se poda captar máis poboación
- N.29 Cambio de mentalidade na poboación para que aposten por vivir no rural
- N.30 Moita burocracia e falta de contacto directo co territorio
- N.31 Explotación de produción de kiwis: alto porcentaxe que non se pode aproveitar para a venda (sobre 1.000 toneladas perdidas) Coméntouse a posibilidade de que fixeran un proxecto de transformación de produto

N.32 Traballar na elaboración de experiencias de produto turístico (ex. Labradela: produción de porco celta)

LIMITACIÓNS:

L1. Desmantelamento dos servizos das Extensións Agrarias

Mesas sociocomunitarias

POTENCIALIDADES:

- P1 Posibilidade de adaptación
- P2 Situación estratéxica boa
- P3 Diferenciación de recursos xeolóxicos
- P4 Aproveitamento dos recursos aínda que de forma illada
- P5 Posibilidade de organización de actividades para contribuír á desestacionalización do turismo
- P6 Capacidade de xerar sinerxías
- P7 Xeograficamente ben posicionada
- P8 Infraestruturas deportivas (incluso infrautilizada)
- P9 Gran riqueza de recursos naturais, culturais, patrimoniais, etnográficos, artesanais, etc..

NECESIDADES:

- N.1 Infraestruturas deficientes: (hostalaría, puntos de caravanas, restauración..) Iniciativa privada
- N.2 Demanda obra cualificada
- N.3 Estacionalidade
- N.4 Relevo xeracional
- N.5 ⁱⁱⁱ Transporte PÚBLICO!!!
- N.6 Envellecemento poboacional
- N.7 Tren
- N.8 Formación dixitalización
- N.9 Investigación e coñecemento
- N.10 Cooperativa de comercialización
- N.11 Caravaning
- N.12 Buses – coordinación – Mancomunidade

- N.13 Desestacionalizar o turismo a través de novas ofertas deportivas
- N.14 Traballar na integración dos inmigrantes en especial a muller marroquí
- N.15 Fortalecer os circuítos e contactos entre os axentes do territorio
- N.16 Necesidade de bancos de vivendas e ofertas de emprego
- N.17 Potenciar as sinerxias entre os actores do sector turístico
- N.18 Fomentar o emprendemento e a incentivación empresarial
- N.19 Apostar por un desenrolo industrial e turístico

AREAS DE MELLORA:

- A1. Madrugadores (Anpa)
- A2. Maiores – sanidade (servicios sociais)
- A3. Parques eólicos
- A4. Formación de oficios (fontanería, electricidade, cociñeiros-hostalaría...)
- A5. Formación dixital, dixitalización (solicitude formación)
- A6. Loxística comercialización, distribuidores produto da comarca
- A7. Tendas con escaso produto local
- A8. Dinamizar os mercados
- A9. Agrícola (faba loba...)
- A10. Vivenda
- A11. Culturais e deportivas
- A12. Deportivo – iniciativas (espeleoloxía-Toxiza, Centro tecnificación, deporte montaña, sendeirismo, covas...)
- A13. Coordinación comarcal (promover iniciativas)
- A14. Turismo educativo
- A15. Rutas de Muíños
- A16. Fomento da comercialización en circuítos cortos, vendas de proximidade.
- A17. Transformación do produto agrario, dar valor engadido aos excedentes agrarios.
- A18. Fortalecer as sinerxías entre agro, ocio, educación, turismo...

H.1. Obxectivos xerais

Táboa 1. Relación priorizada dos obxectivos xerais da estratexia

Orde	Obxectivos xerais
1º	Diversificación da economía e mellora da competitividade
2º	Plan de dixitalización
3º	Aplicación da estratexia Europea “Da Granxa á mesa”
4º	Mellora da eficiencia enerxética e emprego de enerxías limpas
5º	Medidas de responsabilidade social
6º	Conservación do patrimonio rural (natural e etnográfico)
7º	Servizos á poboación

H.2. Obxectivos específicos

Táboa 2. Relación priorizada dos obxectivos específicos da estratexia

Orde	Obxectivos específicos	Obxectivo(os) xeral(ais) ao(s) que se vincula
1º	-Modernización de empresas e diversificación da economía rural. -Fomento do autoemprego. -Mellora do mercado de traballo e xeración de oportunidades aos emprendedores. -Potenciación do mercado turístico.	DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA E MELLORA DA COMPETITIVIDADE
2º	-Mellora da competitividade empresarial a través da dixitalización de procesos de produción -Implantación do teletraballo -Creación de entornos de traballo intelixentes (seguridade da información) -Emprego de técnicas de intelixencia artificial -Aplicabilidade das ferramentas dixitais nos procesos de comercialización	PLAN DE DIXITALIZACIÓN

	-Aplicabilidade das ferramentas dixitais nos procesos de control de calidade -Aplicabilidade das ferramentas dixitais nas medidas relacionadas coa asistencia a colectivos dependentes e maiores -Mellora do acceso da administración electrónica (diversos sectores) -Creación de start ups	
3º	-Valorización dos produtos agroalimentarios de calidade propios do territorio -Emprego da agroalimentación de calidade e/ou ecolóxica como nicho de mercado -Fomento da actividade agraria principal e complementaria -Creación de empresas de transformación agroalimentaria -Posta en marcha e promoción de programas de comercialización de produtos KM. 0 -Redución da pegada de carbono e da contaminación por uso inadecuado de químicos -Relación entre a venta agroalimentaria e o agroturismo -Recuperación de terras en abandono para a creación ou ampliación de actividade agraria	APLICACIÓN DA ESTRATEXIA EUROPEA “DA GRANXA Á MESA”
4º	-Creación de empresas de implantación de enerxías renovables -Mellora da capacidade enerxética das explotacións agrarias	MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA E

	-Redución do gasto enerxético tanto en iniciativas privadas como públicas -Xeración de actividade económica vinculada á produción e xestión de biomasa -Emprego das enerxías limpas nos procesos industriais - Aproveitamento dos recursos da auga	EMPREGO DE ENERXÍAS LIMPAS
--	---	-----------------------------------

5º	-Redución da brecha salarial -Fomento das iniciativas de empoderamento da muller a través da potenciación do emprendemento feminino -Mellora da empregabilidade de colectivos desfavorecidos facendo especial fincapé nos discapacitados -Fomento da inclusión social (proxecto a inclusivos) -Loita contra a violencia de xénero -Emprego de transporte sen combustible fósil (enerxías alternativas)	MEDIDAS DE RESPONSABILIDADE SOCIAL
-----------	---	---

6º	-Posta en valor de espazos naturais -Posta en valor de elementos patrimoniais -Mellora e coidado do medio ambiente -Preservación de valores idiosincráticos do territorio -Desenvolvemento de actividades turísticas	CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO RURAL (NATURAL E ETNOGRÁFICO)
7º	-Economía dos coidados (maiores, menores e dependentes)	SERVIZOS BÁSICOS ASISTENCIAIS

-Creación ou mellora de espazos asistenciais (centros de día, casas niño, casa do maior, etc,...) -Servizos básicos ás persoas a domicilio (salóns de peiteados, enfermaría, hixiene, etc,...) -Mellora dos servizos de transporte adaptado -Proxectos de facilitación das políticas de conciliación	
--	--

H.3. Indicadores para o seguimento do nivel de consecución dos obxectivos

Táboa 3. Indicadores para o seguimento do nivel de consecución dos obxectivos

OBXECTIVOS XERAIS			
Nº	Obxectivo	Indicador	Unidade de medida
OX1	Diversificación da economía e mellora da competitividade	I.1. Nº de empresas creadas I.2. Nº de empresas ampliadas e/ou modernizadas I.3. Nº de sectores con axuda	Valor numérico absoluto: I.1; I.2; I.3
OX2	Plan de dixitalización	I.1. Nº de empresas con ferramentas dixitais incorporadas I.2. Nº de empresas con canles de comercialización dixital I.3. Nº de empresas con implementación de actuación de AI (intelixencia artificial) I.4. Nº de proxectos con implantación de software I.5. Nº de start ups creadas no período,	Valor numérico absoluto: I.1; I.2; I.3; I.4; I.5
OX3	Aplicación da estratexia europea "DA GRANXA Á MESA"	I.1. Nº de novos produtores e/ou transformadores de produtos agroalimentarios I.2. Nº de espazos públicos que se habilitan para venta en proximidade I.3. Nº de produtos integrados nos mercados de proximidade I.4. Nº de proxectos de cooperación entre entidades públicas e privadas na posta en valor	Valor numérico absoluto: I.1; I.2; I.3; I.4 Porcentaxe:

		e comercialización de produtos agroalimentario	I.5
		I.5. Porcentaxe de mellora da renda agraria	
OX4	Mellora da eficiencia enerxética e emprego de enerxías limpas	I.1. Nº de empresas creadas de enerxías renovables e xestión de residuos I.2. Nº de empresas acollidas a plans de eficiencia I.3. Axudas en compoñentes relacionados coa aplicación de renovables I.4. Investimento inducido relacionado coa aplicación de renovables I.5. Nº de proxectos que inclúan como fonte enerxética ás renovables. I.7. Aproveitamento dos recursos da auga	Valor numérico absoluto: I.1; I.2; I.5 Miles de €: I.2; I.3
OX5	Medidas de responsabilidade social	I.1. Nº de empresas que implementan Plans de Igualdade I.2. Nº de empresas que obteñen selos de calidade (ISOS, AMBIENTAL, etc..) I.3. Nº de persoas con discapacidade incorporados ao mercado de traballo. I.4. Porcentaxe de redución da brecha salarial.	Valor numérico absoluto: I.1; I.2; I.3 Porcentaxe: I.4
OX6	Conservación do patrimonio rural (natural e etnográfico)	I.1. Nº de elemento patrimoniais recuperados e/ou postos en valor (tanto no eido natural como histórico) I.2. Nº de desenvolvemento de actividades turísticas	Valor numérico absoluto: I.1; I.2; I.3

		I.3. Nº de actuacións que conleven sinerxias con outras iniciativas que inclúan estes elementos patrimoniais	
OX7	Servizos á poboación	I.1. Nº de empresas creadas de servizos asistenciais. I.2. Axuda para a instalación de empresas de servizos asistenciais I.3. Investimento inducido para a instalacións de empresas de servizos asistenciais I.4. Nº de persoas atendidas I.5. Nº de empregos creados e consolidados no sector.	Valor numérico absoluto: I.1; I.4; I.5 Miles de €: I.2; I.3

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

OE1	Axudar á modernización de empresas de economía rural e mellorar a súa competitividade
	Fomentar o autoemprego
	Asesorar aos emprendedores na xeración de novas oportunidades
	Promocionar os produtos agroalimentarios do territorio en feiras e certames
	Potenciar o turismo de natureza (agroturismo, enoturismo,...)
	Impulsar a creación de startups

INDICADORES ESPECÍFICOS

Nº de autoempregos creados/consolidados

Nº de empregos creados/consolidados por conta allea

Nº de explotacións agrarias con proxectos de diversificación

Nº de actividades de formación específica para o mercado laboral

Nº de actividades do GDR en colaboración con outras entidades

OE2	Incrementar a dixitalización nos procesos de produción, comercialización e control de calidade mellorando a competitividade
	Fomentar a implantación da intelixencia artificial no entorno laboral, favorecendo a seguridade de información e o teletraballo

	Aplicabilidade das ferramentas dixitais nas medidas relacionadas coa asistencia a colectivos dependentes e maiores.
	Asesorar no acceso á administración electrónica.
	Impulsar a creación de startups
INDICADORES ESPECÍFICOS	
	Nº de start ups creadas
	Nº de emprendedores asesorados
	Nº de empresas acollidas a un Plan de Transformación Dixital
	Nº de empresas que empregan a IA/Nº de empresas que fomentan teletraballo
	Nº de actividades do GDR para fomentar a dixitalización empresarial
OE3	Valorización e comercialización dos produtos agroalimentarios do territorio.
	Respalda programas de comercialización de produtos Km0.
	Animar á relación da venda agroalimentaria e o agroturismo
	Estimular a Economía Circular
	Impulsar a recuperación de terras abandonadas para a creación ou ampliación de actividades agrarias.
	Formar na redución da pegada de carbono e da contaminación por malas prácticas agrarias
INDICADORES ESPECÍFICOS	
	Nº de proxectos de transformación e comercialización agroalimentaria
	Nº de explotacións de produción en ecolóxico
	Nº de hectáreas de terra agraria en desuso recuperada
	Nº de actividades do GDR propias ou en colaboración con outros GDRs ou entidades para fomentar as actividades anteriores
	Nº de actividades que fomentan a relación dos produtos agroalimentarios co sector turístico
OE4	Apoiar a implantación de empresas de enerxías renovables
	Fomentar a eficiencia enerxética nas explotacións agrarias
	Reducir o gasto enerxético en iniciativas privadas e públicas
	Impulsar actividades económicas vinculadas coa produción e xestión de Biomasa
	Promover o Emprego das enerxías limpas nos procesos industriais
	Aproveitamento dos recursos da auga
INDICADORES ESPECÍFICOS	
	Nº de empresas acollidas a un plan de eficiencia enerxética
	Nº de empresas que usan renovables nos seus sistemas de produción
	Nº de comunidades enerxéticas promovidas
	Nº de Kw de aforro na suma das accións do territorio
	Nº de empresas que fan un aproveitamento dos recursos da auga

Nº de actividades por parte do GDR para concienciar no emprego de enerxías alternativas e respectuosas co medio ambiente	
OE5	Axudar á redución da brecha salarial
	Mellorar a empregabilidade de colectivos desfavorecidos.
	Fomentar a inclusión social (proxectos inclusivos).
	Loitar contra a violencia de xénero e fomentar o empoderamento e emprendemento feminino.
	Promover o transporte eléctrico e a instalación de puntos de recarga
INDICADORES ESPECÍFICOS	
Redución dos datos de brecha salarial no territorio	
Nº de empregos de colectivos desfavorecidos(mulleres, parados de longa duración, maiores de 55, mulleres, etc..)	
Nº de accións dirixidas a vítimas de violencia de xénero (tanto por parte de entidades privadas como por parte do GDR)	
Puntos de recarga de vehículos eléctricos instalados no territorio	
OE6	Revalorizar e conservar o patrimonio natural e cultural.
	Apostar por accións de mellora do medio ambiente
	Preservar os valores idiosincráticos do territorio (as costumes, a lingua, a tradición cultural, o Camiño de Santiago,...)
	Apoiar o desenvolvemento de actividades de turismo de natureza
	Revalorizar e conservar o patrimonio natural e cultural.
INDICADORES ESPECÍFICOS	
Nº de actuacións de valorización do patrimonio natural	
Nº de actuacións de valorización do patrimonio cultural	
Nº de actuacións tanto dos promotores, ou axentes sociais como do GDR que potencien o ecoturismo e as sinerxias entre as empresas de ámbito turístico	
Nº de actividades que potencien e poñan en valor o ámbito cultural	
OE7	Intensificar a economía dos coidados a maiores, menores e dependentes.
	Impulsar a creación ou mellora de espazos asistenciais (centros de día, casas niño, casas do maior,...)
	Promover servizos básicos ás persoas a domicilio(enfermería, hixiene, perruquería,...)
	Mellorar os servizos de transporte adaptado.
INDICADORES ESPECÍFICOS	
Nº de maiores e/ou dependentes beneficiarios	
Nº de vehículos adaptados subvencionados	
Nº de usuarios dos proxectos orientados a conciliación	
Nº de maiores e/ou dependentes beneficiarios	

Nº de empresas creadas/ consolidadas que presten servizos asistenciais e á poboación

I. Plan de acción

A continuación descríbense as medidas que se propoñen para executar a Estratexia de Desenvolvemento Local a través das cales se destinarán as axudas do FEADER para a execución de que integrarán a Estratexia de Desenvolvemento Local (EDL), no marco do que establece a Resolución e, no que resulta aplicable, o Plan Estratéxico Nacional e os Regulamentos comunitarios de aplicación. O Plan Estratéxico Nacional sinala que as operacións deberán estar en consonancia co establecido no Regulamento de 01/06/2018 e contribuír aos obxectivos establecidos na estratexia do GDR.

Estas medidas diríxense á consecución dos obxectivos da Estratexia:

- Diversificación da economía, mellora da competitividade empresarial e innovación
- Plan de dixitalización
- Aplicación da estratexia europea "da granxa a mesa"
- Mellora da eficiencia enerxética e emprego de enerxías limpas
- Medidas de responsabilidade social
- Servizos básicos asistenciais
- Conservación do patrimonio rural (natural e etnográfico)

En base a isto e segundo o Anexo C das bases reguladoras, neste apartado descríbese o plan de acción que inclúe, o seguinte contido:

- Plan de xestión
- Identificación das liñas estratéxicas e propostas de actuación.
- Identificación de proxectos cun impacto significativo nos obxectivos e liñas estratéxicas de actuación.
- Programación das actuacións propias de animación a realizar polo grupo.
- Plan de formación cunha planificación dos cursos.
- Plan de cooperación con outros GDR e entidades.

I.1 Plan de xestión

O GDR TERRAS DE MIRANDA está integrada por un conxunto equilibrado e representativo dos interlocutores dos diferentes sectores socioeconómicos, tanto públicos como privados, con arraigo no ámbito de actuación da asociación, debendo ter tamén un carácter equilibrado e representativo no plano territorial. Non poderán formar parte da asociación as persoas físicas e as sociedades mercantís, excepto as seguintes entidades de economía social: cooperativas, sociedades agrarias de transformación e sociedades laborais. Rexerá o principio de portas abertas, de xeito que se garanta permanentemente a incorporación de asociados.

A efectos de adopción de decisións, o sector privado, constituído polos axentes económicos e sociais así como por outros representantes da sociedade civil, deberá representar máis do 50% dos votos en todos os órganos de decisión

ÓRGANOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN. ANÁLISE DA SÚA REPRESENTATIVIDADE NO TERRITORIO: ASEMBLEA E XUNTA DIRECTIVA.

Os órganos de goberno e representación da Asociación son a Asemblea e a Xunta Directiva.

Artigo 11 dos seus Estatutos

A Xunta Directiva está formada por un Presidente, dous vicepresidentes (primeiro e segundo), un secretario e un tesoureiro; e entre 7 e 16 vogais. Estes serán designados e revogados pola Asemblea Xeral. A Xunta Directiva deberá estar composta, cando sexan socios, por colectivos representantes das mulleres, novos, acción social, protección e conservación ou mellora do ambiente, sector agrario, incluíndo as organizacións profesionais agrarias, empresarios e as asociacións profesionais, sector cultural e sector público. O número de representantes do sector privado sempre deberá ser superior ao número do sector público.

Artigo 18 dos seus Estatutos

A Asociación será xestionada e representada pola Xunta Directiva formada como mínimo por un Presidente, un vicepresidente, un secretario e un tesoureiro. Estes serán designados e revogados pola Asemblea Xeral Extraordinaria.

A Xunta Directiva deberá estar composta por 21 membros, sempre que sexan socios e desexen formar parte dela, por colectivos representantes das mulleres, mozos, acción social, protección, conservación e/ou mellora do ambiente, sector agrario, incluíndo as organizacións profesionais agrarias, empresarios e as asociacións profesionais, sector

cultural, educativo ou etnográfico e sector público. O número de representantes do sector privado sempre deberá ser superior ao número do sector público.

Poderán causar baixa os membros socios da Xunta Directiva por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva, polo incumprimento das súas obrigacións que tivese encomendadas ou por expiración do seu mandato.

SISTEMAS DE PARTICIPACIÓN E DECISIÓN EN ASEMBLEA E XUNTA DIRECTIVA. REQUISITOS E PROCEDEMENTO PARA A ADQUISICIÓN E PERDA DA CONDICIÓ DE SOCIO

Para que unha entidade teña a condición de asociado deberá estar legalmente constituída e dada de alta no correspondente rexistro. Deberá solicitar o ingreso mediante un escrito dirixido ao Presidente manifestando a súa vontade expresa de adherirse á Asociación TERRAS DE MIRANDA, e de comprometerse á consecución dos obxectivos da asociación e a colaborar no desenvolvemento das súas actividades. De igual modo, debe achegar á solicitude o documento de acordo co seu órgano de decisión e a designación dun representante e un suplente. Cando un candidato non teña o seu domicilio social no ámbito de actuación determinado no artigo 4 dos presentes estatutos deberá demostrar que desenvolve a súa actividade de maneira total ou parcial no mencionado ámbito de actuación. Unha vez recibida a solicitude, o Presidente dará traslado da devandita solicitude á Xunta Directiva, que deberá resolver nun prazo non superior a dous meses desde a data de presentación. Contra en acordo denegatorio o solicitante poderá recorrer ante a primeira Asemblea Xeral que teña lugar, debendo figurar este asunto expresamente na orde do día correspondente.

Artigo 7 dos seus Estatutos

PERDA DA CONDICIÓ DE SOCIO

Perderase a condición da asociado/a:

- Por decisión voluntaria do asociado, comunicada por escrito ao Presidente.
- Por conduta contraria á boa convivencia e aos fins da Asociación.
- Por sanción imposta pola Xunta Directiva, de maneira motivada e con audiencia do interesado, por incumprimento grave ou reiterado dos deberes inherentes á condición de asociado. O acordo de expulsión notificarase por escrito e contra el caberá recurso ante a primeira Asemblea Xeral que se realice.
- Por falta de pago das cotas durante tres exercicios continuados.

- Por extinción da persoa xurídica.

Artigo 8 dos seus Estatutos

DEREITOSOS E DEBERES DOS SOCIOS

Son dereitos dos socios:

- Participar nas actividades da Asociación e nos órganos de goberno e representación, a exercer o dereito de voto, así como a asistir á Asemblea Xeral, de acordo cos estatutos.
- A ser informado acerca da composición dos órganos de goberno e representación da asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.
- A ser oído con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra el e a ser informado dos feitos que dean lugar a tales medidas, debendo ser motivado o acordo que, no seu caso, impoña a sanción.
- A impugnar os acordos dos órganos da asociación que estime contrarios á Lei ou aos Estatutos.

Artigo 9 dos seus Estatutos

PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN POR ENTIDADES PÚBLICAS E PRIVADAS E POR SECTORES EN ASSEMBLEA E XUNTA DIRECTIVA

A efectos de adopción de acordos, o sector privado, constituído polos axentes económicos e sociais así como por outros representantes da sociedade civil, deberá representar polo menos o 51% dos votos en todos os órganos de decisión. Nin as administracións públicas, nin ningún outro grupo de interese concreto, representarán máis do 49% dos dereitos de voto na toma de decisións.

MECANISMOS DE PARTICIPACIÓN DOS SOCIOS NA ASOCIACIÓN

A representatividade no seo do GDR é posible grazas á estrutura de participación que a Asociación TERRAS DE MIRANDA configurou, na que a poboación atopa tres vías de acceso á Asociación e ás súas actividades:

A través da Asemblea Xeral: é o órgano supremo de expresión da vontade da asociación e estará integrada pola totalidade de asociados. Artigo 12 dos seus Estatutos Supón unha participación activa na vida institucional da asociación, con capacidade de voz e voto na toma de decisións, a través das reunións asemblearias; así como a posibilidade de optar, en igualdade de dereitos, aos órganos de goberno da Asociación.

A través das Mesas Sectoriais: Que teñen como finalidade servir de canle informativa das actividades da Asociación e participativa dos actores dos diversos sectores económicos e sociais, implicados no desenvolvemento do territorio. Nas Mesas sectoriais poñerase en común as problemáticas de cada sector, e as actuacións de mellora, proxectos, iniciativas... que o sector poida concibir, para elevar propostas á Asemblea Xeral. A Asemblea Xeral poderá variar as mesas sectoriais segundo as novas demandas ou sectores que xurdan no territorio. A Xunta Directiva elixirá de entre os seus membros un representante que presidirá ditas mesas. Os asociados integrados na Asemblea Xeral organizaranse en seis mesas sectoriais, organizadas ao redor dos seguintes ámbitos:

- Mesa Institucional: formada polos representantes das administracións locais e provinciais.
- Mesa de Dinamización Sociocomunitaria: na que se agrupan as asociacións sen ánimo de lucro non incluídas noutras mesas sectoriais: asociacións de mulleres, de mozas, de veciños, ambientais, culturais, deportivas, entre outras.
- Mesa do Sector Agroforestal: inclúe entidades representativas do sector, como cooperativas agrarias, sociedades agrarias de transformación, comunidades de montes, asociacións forestais, organizacións profesionais agrarias.
- Mesa Empresarial e do Emprego: formada por entidades empresariais, sindicais, Cámara de Comercio.
- Mesa de Benestar Social: integrada polas entidades do ámbito dos servizos sociais que teñan como obxecto social mellorar a calidade de vida da poboación, especialmente de colectivos con especiais dificultades e colectivos desfavorecidos ou en perigo de exclusión social.
- Mesa de Turismo e Hostalería: formada polas entidades vinculadas ao fomento do turismo e á representación de empresas turísticas e de hostalería.

Artigo 27 dos seus Estatutos

A través das actividades e iniciativas sociais e empresariais: É a canle de participación que se articula en todo programa de desenvolvemento, polo que a poboación accede á Asociación, como estrutura de asesoramento e apoio para a implantación de iniciativas empresariais e sociais; tamén como beneficiaria dos programas de formación, ou das accións de cooperación e sinerxías dentro e fóra do propio territorio.

FUNCIÓNS. CONVOCATORIAS, MAIORÍAS, DELEGACIÓNS DE VOTO. ASEMBLEA

As reunións das Asembleas Xerais serán ordinarias ou extraordinarias.

Artigo 13 dos seus Estatutos

Son competencias da Asemblea Xeral ordinaria os seguintes asuntos:

- Aprobar, no seu caso, a xestión da Xunta Directiva.
- Examinar e aprobar as contas xerais.
- Resolver sobre a aprobación do inventario anual dos bens mobles e inmobles cuxa valoración detallada dos mesmos será realizada polos membros da Xunta Directiva previamente designado por esta última.
- Aprobar, no seu caso, as propostas da Xunta Directiva en orde ás actividades propias da Asociación.
- Acordar os gastos que teñan que atenderse con cotas extraordinarias e o seu establecemento, así como as das cotas ordinarias, fixar a súa contía e periodicidade.
- Ratificación, se procede, das decisións tomadas no seo da Xunta Directiva.
- Calquera outra que non sexa da competencia exclusiva da Asemblea Extraordinaria.

Corresponde á Asemblea Xeral Extraordinaria.

- Solicitude de declaración de utilidade pública.
- Constituír unha federación de asociacións ou integrarse nelas.
- Modificar os estatutos.
- Disolución da Asociación e nomeamento de liquidadores.
- Nomeamento e renovación dos membros da Xunta Directiva.

Artigo 16 dos seus Estatutos

Convocatorias

A Asemblea Xeral Ordinaria reunirse necesariamente polo menos unha vez ao ano, dentro dos seis meses seguintes ao peche de cada exercicio.

As Asembleas Xerais Extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen o, a xuízo do Presidente, cando a Xunta Directiva o acorde ou cando o propoña por escrito polo menos o 25 % dos asociados.

Artigo 13 dos seus Estatutos

...faranse por escrito expresando o lugar, data e hora da reunión, así como a orde do día con expresión concreta dos asuntos para tratar. Entre a convocatoria e o día de celebración da Asemblea en primeira convocatoria deberán mediar polo menos sete días naturais, podendo así mesmo facerse constar se procedese a data e a hora na que se reunirá a Asemblea en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra puidese mediar un prazo superior a unha hora.

Artigo 14 dos seus Estatutos

Maiorías e Delegacións de voto

A Asemblea Xeral, ordinaria ou extraordinaria, quedará validamente constituída en primeira convocatoria, sempre que concorran a ela un terzo dos asociados con dereito a voto, e en segunda convocatoria polo menos 10 socios con dereito a voto. Será necesario, en todo caso, a presenza do Presidente, ou da persoa que legalmente o substitúa. Os acordos tomaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas cando os votos afirmativos superen aos negativos, non sendo computables a estes efectos os votos en branco nin as abstencións. Na Asemblea un socio poderá representar por escrito como máximo a cinco socios, sempre que teñan capacidade para obrar, e que a representación figure por escrito. Será necesario polo menos o voto afirmativo do 50 % de socios presentes ou representados a toma dos seguintes acordos:

- Nomeamento das Xuntas Directivas e Administradores.
- Acordo para constituír unha Federación de Asociacións ou integrarse nelas.
- Disposición e alleamento de bens.
- Modificación de estatutos.
- Disolución da entidade.

Artigo 15 dos seus Estatutos

XUNTA DIRECTIVA

As facultades da Xunta Directiva estenderanse, con carácter xeral a todos os actos propios das finalidades da asociación, sempre que non requiran, segundo estes Estatutos, autorización expresa da Asemblea Xeral.

Son facultades particulares da Xunta Directiva:

- Dirixir as actividades sociais e levar a xestión económica e administrativa da Asociación, acordando realizar os oportunos contratos e actos.
- Aprobar a concesión de axudas no marco de programas ou convenios.
- Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral os Balances e as Contas anuais.
- Resolver sobre a admisión de novos asociados e a expulsión de socios, en ambos os casos motivando as súas decisións.
- Nomear delegados para algunha determinada actividade da Asociación.
- Calquera outra facultade que non sexa da exclusiva competencia da Asemblea Xeral de socios.

Son atribucións do Presidente da Asociación:

- Ostentar a representación legal da Asociación ante toda clase de organismos públicos ou privados.
- Convocar, presidir e levantar as sesións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, así como dirixir as deliberacións dunha e outra.
- Ordenar gastos e autorizar os pagos por conta de fondos da Asociación, intervindo coa súa firma na disposición de fondos, mancomunadamente co Secretario e o Tesoureiro.
- Autorizar coa súa firma os documentos, actas e correspondencia.
- Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle ou no desenvolvemento das súas actividades resulte necesaria ou conveniente, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.
- Velar polos fins da Asociación e o seu cumprimento.

Son facultades do Vicepresidente (primeiro, se houber máis de un):

- Substituír ao Presidente en caso de ausencia, enfermidade ou cesamento.
- As que delegue o Presidente ou lle atribúa a Asemblea Xeral.

O Secretario terá a cargo a dirección dos traballos puramente administrativos da Asociación, dirixirá a organización administrativa e económico financeira da Asociación, propoñerá á Xunta Directiva o nomeamento do persoal e cargos técnicos necesarios para desenvolver as actividades da Asociación, expedirá certificacións, levará os libros da Asociación que sexan legalmente establecidos e o ficheiro de asociados, e custodiará a documentación da entidade, facendo que se cursen as comunicacións sobre designación de Xuntas Directivas e demais acordos sociais inscribibles aos Rexistros correspondentes, así como a presentación das contas anuais e o cumprimento das obrigacións documentais nos termos que legalmente correspondan. Ademais, corresponderalle intervir coa súa sinatura na disposición de fondos, mancomunadamente co Presidente e o Tesoureiro. Corresponde ao Tesoureiro:

- Recadar e custodiar os fondos da Asociación e levar en orde os libros de Contabilidade.
- Coñecer os ingresos e gastos da Asociación e presentar, xunto ao Presidente, os orzamentos de gastos e ingresos á Asemblea Xeral para a súa aprobación, así como o balance do exercicio correspondente.

- Dispoñer coa súa sinatura mancomunadamente co Secretario Xeral e o Presidente dos fondos da Asociación para dar cumprimento ás ordes de pago que expida o Presidente.
- Levar inventario de bens, se os houbese.

Os Vogais terán as obrigacións propias do seu cargo como membros da Xunta Directiva e así como as que nazen das delegacións ou comisións de traballo que a propia Xunta lles encomende.

Artigos 21,22,23,24,25 e 26 dos seus Estatutos

Convocatorias e toma de acordos A Xunta Directiva celebrará sesión cando o determine o Presidente ou por iniciativa da metade dos seus membros polo menos. Quedará validamente constituída cando asistan a metade máis un dos membros, e para que os acordos sexan válidos, deberán ser tomados por maioría de votos. En caso de empate, o voto do Presidente será de calidade. Cando a Xunta Directiva o estime procedente pola índole da materia para tratar na sesión, poderán ser convidados a tomar parte nas súas deliberacións como asesores cualificados, pero sen voto, profesionais ou especialistas para clarificar asuntos concretos que figuren na orde do día. Das sesións levantará acta o Secretario, co visto e prace do Presidente e reflectirao no libro de actas.

Artigo 20 dos seus Estatutos

NORMAS DE DISCIPLINA SOCIAL

Cando a Asociación TERRAS DE MIRANDA actúe como entidade colaboradora da Administración para a xestión da medida 19 (Leader) do PDR de Galicia 2014-2020, para evitar os conflitos de intereses nos membros dos órganos de avaliación e decisión dos GDR deberanse seguir as seguintes normas:

- a. Deberá xuntarse a cada expediente unha declaración expresa, asinada por todas as persoas que participen na selección dun proxecto e que sinala que non teñen ningún interese persoal ou profesional directo na selección do citado proxecto.
- b. Se un membro do comité de avaliación ou decisión do GDR ten algún tipo de relación profesional ou persoal co promotor do proxecto, ou calquera interese profesional ou persoal nel, debe presentar unha declaración escrita explicando a natureza da relación ou interese, a cal deberá formar parte do expediente. Calquera interese común deberá declararse, incluídos familiares, afectivos, políticos ou económicos.
- c. Se un membro do comité de avaliación ou decisión se atopa na situación descrita no parágrafo anterior, non poderá participar no proceso de avaliación ou selección, nin estar

presente durante o debate da proposta do proxecto. Esta circunstancia documentarase nas actas.

d. Cando exista dúbida sobre o interese común entre algún membro do comité de avaliación ou selección, o GDR deberá remitir o asunto a Agader para que adopte unha decisión sobre a efectiva existencia dun conflito de intereses.

Artigo 11 dos seus Estatutos

ÓRGANOS DE XESTIÓN.

EQUIPO TÉCNICO PREVISTO. FUNCÍONS.

O equipo humano estará composto por un/a Xerente, (posibilidade) dun/dunha técnico, un/a Administrativo/a que velarán pola correcta execución do programa. As persoas que ocuparán estes cargos serán seleccionadas a través dun Proceso de Selección baseado nos principios de publicidade, transparencia, libre concorrência, capacidade, experiencia e non discriminación que a continuación se detallan no punto seguinte. As funcións e obrigacións específicas do GDR, e por tanto, en gran medida do equipo Técnico, en canto entidade colaboradora de AGADER, son as seguintes.-

- a) Promover a dinamización territorial e a mobilización social.
- b) Promover a valorización do medio rural, en xeral, e do seu territorio, en particular.
- c) Facilitar a participación da poboación nas accións de desenvolvemento do territorio.
- d) Atender ao público nunha ou varias oficinas abertas no ámbito territorial do GDR 1, en que conste o calendario e horario de atención ao público, en particular ou de atención da xerencia aos promotores. A oficina ou oficinas estarán identificadas en lugar visible mediante un cartel ou placa acomodados, de modo que non sexa confundible con ningunha dependencia administrativa ou empresarial, e deberá situarse no territorio elixible para efectos do Leader.
- e) Asesorar aos posibles beneficiarios das axudas da estratexia de desenvolvemento local sobre a adecuación do seu proxecto ás esixencias daquela, así como sobre a posibilidade de acceder a outro tipo de axudas á marxe das previstas nela.
- f) Informar os posibles beneficiarios sobre os deberes que asumirán no caso de percibir algunha axuda con cargo á estratexia, entre as que se atopa a obrigatoriedade de levar unha contabilidade separada para o financiamento que se perciba con cargo ao fondo FEADER, das infraccións e das correspondentes sancións previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia que puidesen derivar responsabilidade para os solicitantes das axudas, así como sobre a forma de xustificación do cumprimento das condicións para a concesión das subvencións e dos requisitos para a verificación desta.

- g) Tramitar diligentemente os expedientes, desde que o promotor presente a solicitude diante do GDR ata que este lle traslade á Agader a decisión sobre a selección, a proposta ou a documentación de que se trate.
- h) Realizar o tratamento dos datos de carácter persoal que teña rexistrados en calquera tipo de soporte físico, por mor da súa actividade de entidade colaboradora na xestión da estratexia Leader de Galicia 2014-2020, conforme á cláusula 14ª deste convenio.
- i) Comprobar o cumprimento e a efectividade das condicións ou dos requisitos determinantes para a concesión de subvencións aos promotores de proxectos.
- j) Seleccionar proxectos con cargo ao orzamento máximo dispoñible, segundo o sinalado na cláusula cuarta, para darlle cumprimento á estratexia de desenvolvemento local.
- k) Levantar a acta de non inicio dos proxectos, realizar actuacións de seguimento e control dos proxectos subvencionados e comunicarlle á Agader calquera incidente ou irregularidade.
- l) Executar as actividades da submedida 19.4 do PDR (gastos correspondentes a custos correntes do GDR e animación e promoción do territorio) e xustificar os gastos correspondentes.
- m) Promover ou participar, no seu caso, en proxectos de cooperación transnacional e interterritorial fose e dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo as bases reguladoras e as convocatorias da Comunidade Autónoma de Galicia e, no seu caso, do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.
- n) Integrarse nas redes de grupos de desenvolvemento rural, tanto a nivel da Comunidade Autónoma como a nivel de todo o Estado.
- o) Someterse ao Plan Galego de Controis Feader que sexa de aplicación á estratexia Leader de Galicia 2014-2020, ás actuacións de comprobación da Agader e de control financeiro, así como a calquera actuación de control e/ou inspección que proceda desenvolver por calquera organismo nacional ou comunitario.
- p) Levar un libro de rexistro de entrada e saída da documentación que afecte aos asuntos vinculados á execución da estratexia, dándolle traslado á Agader dos asentos diariamente para o seu control.
- q) Utilizar un sistema de contabilidade independente para os fondos destinados á submedida 19.4 do PDR.
- r) Velar pola correcta asignación dos fondos previstos para cada anualidade e a súa distribución entre proxectos produtivos e non produtivos.
- s) Ter en conta o disposto no Manual de Procedemento da medida Leader de Galicia 2014-2020 que aprobe a Agader, así como utilizar a aplicación informática

correspondente que deseñe e facilite a Agader, cubrindo nela todos os campos previstos para cada tipo de actuación.

t) Elaborar, en base ao Manual de Procedemento aprobado pola Agader que se cita no punto anterior, o seu propio Manual de Procedemento o cal recolla integramente o procedemento exacto de tramitación das axudas Leader ao amparo da estratexia de desenvolvemento local.

u) Aplicar as regras de información e publicidade sobre a axuda do Feader a que se refire o anexo III do Regulamento de execución (UE) nº 808/2014 da Comisión do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) así como o Plan de comunicación do PDR.

v) Comunicarlle á Agader, para que as autorice, as reprogramacións da estratexia de desenvolvemento local, así como as modificacións de calquera norma interna do GDR relacionada coa xestión da estratexia.

w) Comunicarlle á Agader, no prazo do mes seguinte a producirse, as variacións na escritura de constitución, estatutos, regulamento de réxime interior, composición dos órganos de decisión do GDR, dirección, correo electrónico, xerente e outros datos similares referidos ao GDR.

x) Elaborar un informe anual de avaliación e seguimento da posta en práctica da estratexia de desenvolvemento local, e remitilo á Agader antes de 15 de xullo do ano seguinte. Este informe deberá recoller o seguinte contido mínimo:

- ⌘ Actas das reunións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva ou órgano decisorio similar, debidamente dilixenciadas polo secretario do GDR.

- ⌘ Relación actualizada de membros do GDR.

- ⌘ Memoria que inclúa o seguimento dos indicadores establecidos e a avaliación da efectividade, eficiencia, relevancia, utilidade e sostenibilidade das medidas realizadas.

- ⌘ Calquera circunstancia relevante para a correcta execución da estratexia como o grao de execución dos proxectos subvencionados, o rexeitamento de candidatos a ser socios, as contas anuais da asociación, incidentes observados, etc.

y) Cumprir os deberes previstos na normativa de transparencia da actividade pública en canto á publicidade activa e á subministración de información.

MEDIOS TÉCNICOS PREVISTOS: LOCAL E MEDIOS INFORMÁTICOS

A Asociación TERRAS DE MIRANDA conta con dous locais no Pazo San Tomé de Mondoñedo, C/ Julia Pardo Montenegro, 13, 1º. Un dos locais está destinado a gardar

a documentación dos programas Leader anteriores. O programa Leader + xestionado durante os anos 2002-2009 pola Asociación Terras de Miranda e o programa Leader Galiza 2007- 2013 (xestionado pola Asociación de Desenvolvemento da Comarca de A Mariña) e logo de novo a Asociación Terras de Miranda o programa Leader Galicia 2014-2020. O outro local é a oficina da Asociación, na que se conta co seguinte mobiliario e equipamento: andeis, un colgadoiro, un paraugueiro, dous radiadores, tres mesas de traballo, cadeiras, tres ordenadores, dous ordenadores portátiles, dúas impresoras, dous teléfonos, un escáner e un fax (actualmente sen uso), a maioría deste equipamento excepto os computadores que houbo que cambialos, adquiríronse co primeiro programa Leader. Tamén hai un proxector e unha trituradora de papeis marca, ambos os adquiridos no programa Leader Galicia 2007-2013. Ambos os locais estiveron a disposición da Asociación Terras de Miranda e Asociación de Desenvolvemento da Comarca da Mariña para a xestión dos programas Leader, cedéndose o uso dos mesmos e de todo o seu equipamento dunha a outra a través dun Convenio. Ademais poñeráse a disposición do GDR todos os materiais e medios que fosen necesarios para unha correcta e exitosa posta en marcha e execución da Estratexia de Desenvolvemento Local prevista para o período 2023-2027.

PROCESO DE SELECCIÓN BASEADO NOS PRINCIPIOS DE PUBLICIDADE, TRANSPARENCIA, LIBRE CONCORRENCIA, CAPACIDADE, EXPERIENCIA E NON DISCRIMINACIÓN.

Para o Proceso de selección do Equipo Técnico responsable do funcionamento técnico do GDR seguiranse as seguintes normas.-

- a) A relación entre lo GDR e el persoal terá carácter laboral, non mercantil.
- b) A selección do persoal do GDR deberá cumprir os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade da convocatoria e cumprir os seguintes requisitos:
 - ⌘ A convocatoria de selección deberá ser publicada na edición escrita do periódico de maior tirada na zona de actuación do GDR o na súa provincia, non sendo suficiente a publicidade da convocatoria realizada unicamente nas páxinas da sección local do periódico. Ademais, a convocatoria deberá ser publicada nos taboleiros de anuncios de todos os concellos integrantes do territorio do GDR e na páxina web da Agader, para o que se lle enviará unha comunicación do anuncio.
 - ⌘ Abertura dun prazo de polo menos 20 días naturais para a presentación de solicitudes, que empezará a contar desde la publicación nos medios indicados no punto anterior.
 - ⌘ Realización dun procedemento selectivo, que constará das seguintes partes:

A) Proba escrita, centrada sobre materias de desenvolvemento rural e do PDR, normativa subvencións e de actuación do GDR; B) Entrevista, cun límite do 25% da puntuación máxima do proceso selectivo; e C) Méritos, cun límite do 25% da puntuación máxima do proceso selectivo.

⌘ Non se poderán esixir formación e/ou titulacións específicas para os postos que se convoquen. Non obstante, será factible a inclusión, no apartado de méritos, de formación específica vinculada ao desenvolvemento rural, coñecementos económico-financeiros e/ou coñecementos ofimáticos ou administrativos.

c) Na comisión de selección poderá estar presente un representante da Agader con voz e sen voto.

d) As características dos postos de traballo que poida contratar o GDR serán as seguintes:

⌘ Xerente ou máximo responsable técnico da estratexia. Titulación mínima: diplomatura universitaria/ enxeñería técnica.

⌘ Técnico. Titulación mínima: diplomatura universitaria/enxeñería técnica.

⌘ Administrativo. Titulación mínima: bacharelato/FP I.

⌘ As persoas seleccionadas farán unha declaración na que conste que non están incurso nas causas de incompatibilidade aplicables ao persoal ao servizo da Comunidade Autónoma galega, así como en caso de que cambien as circunstancias que poidan afectar a compatibilidade.

⌘ O xerente ou máximo responsable técnico da estratexia terá dedicación exclusiva ao GDR e non desempeñará cargos electos nos órganos do mesmo.

⌘ O persoal técnico (non xerente) e administrativo poderá seleccionarse de maneira conxunta entre varios GDR e por conseguinte prestar o seu servizo a tempo parcial para cada un deles, en función dos contratos que regulen a súa relación laboral. En ningún caso a suma do salario bruto que perciba este persoal seleccionado de maneira conxunta poderá superar os límites salariais máximos establecidos nos apartados anteriores.

⌘ Os salarios brutos máximos imputables á estratexia poderán ser actualizados anualmente en función da variación do índice oficial de prezos ao consumo (IPC).

O proceso de selección de persoal técnico para a xestión do programa Leader realizarase aplicando os principios de concorrencia, capacidade, experiencia e non discriminación. Neste sentido o GDR 1 TERRAS DE MIRANDA a partir de que AGADER permita o desenvolvemento deste proceso redactará unhas bases reguladoras que incluírán os seguintes aspectos.

- O proceso articularase para a selección do mellor candidato/a para cubrir a praza de xerente e administrativo baixo contrato mercantil da seguinte maneira.
 - Aprobación das bases reguladoras por parte da Xunta Directiva do GDR 1
- As bases reguladoras incluírán os seguintes aspectos para cada unha das prazas
 - o Obxecto da convocatoria.
 - o Características da oferta: titulación esixida, retribución, duración do contrato, xornada laboral.
 - o Requisitos mínimos dos candidatos: maioría de idade, titulación, coñecementos informáticos, carné de conducir e coche propio, dispoñibilidade para viaxar, non estar incurso en ningunha incapacidade administrativa, non estar separado mediante expediente disciplinario de servizo coa administración, dedicación exclusiva, dispoñibilidade de horario e viaxes.
 - o Solicitudes, formato, lugar de presentación, horario, etc.
 - o Criterios de admisión dos candidatos.
 - o Comisión de avaliación.. Composición e mecanismos de funcionamento.
 - o Calendario de realización do proceso.
 - o Procedemento de selección. Máximo sobre 100 puntos.
 - o Fase A. Proba por escrito de carácter eliminatorio para aqueles candidatos que superen 25 puntos sobre un total de 50. A proba realizarase sobre coñecemento do territorio ámbito de actuación do GDR 1 e do funcionamento do programa Leader .
 - o Fase B. Entrevista persoal. Valorarase os seus coñecementos, as súas habilidades, capacidades, destrezas, comunicación verbal, etc. cunha puntuación máxima de 25 puntos.
 - o Fase C. Valoración de méritos. Valoraranse os seguintes aspectos: formación universitaria adecuada ás súas funcións, outra formación relacionada co desenvolvemento rural, experiencia profesional no marco do Leader, experiencia profesional noutras materias relacionados co desenvolvemento rural / local, cunha valoración máxima de 25 puntos.
 - o Por último determinarase a materia documental de como han de acreditarse os méritos.
 - o Preparación e documentación de proposta de selección á Xunta Directiva.
 - o Comunicación aos interesados.
 - Inclusión do proceso na páxina web do GDR.1.
 - Publicación de anuncio de referencia nun xornal de tirada provincial con maior implantación no ámbito de actuación do GDR, envío de anuncio de referencia a AGADER para o seu reflexo na súa páxina web, e envío a todos os concellos do seu

ámbito de actuación para a súa publicitación nos seus correspondentes taboleiros de anuncios.

- Desenvolvemento do proceso segundo se detalle nas bases reguladoras. O mencionado proceso poderá externalizarse ao obxecto de conferir ao mesmo unha maior obxectividade.

1.2. Liñas estratéxicas e medidas ou liñas de actuación

Aquí recóllense as liñas estratéxicas, e para cada liña estratéxica as medidas ou liñas de actuación, para a consecución dos obxectivos definidos no apartado H.

Táboa 4. Liñas estratéxicas e medidas ou propostas de actuación

LE1 – DESENVOLVEMENTO DO TECIDO PRODUTIVO	
Obxectivo xeral (OX)	OX1 Diversificación da economía e mellora da competitividade OX2 Plan de dixitalización OX3 Aplicación da estratexia europea "DA GRANXA Á MESA" OX4 Mellora da eficiencia enerxética e emprego de enerxías limpas
Descrición	A liña reflexa a necesidade de mellorar a competitividade empresarial, tanto nas actividades agrarias como non agrarias como fórmula de potenciar o desenvolvemento económico da zona, o que sen dubida é o principal acicate para a fixación de poboación nas áreas rurais. A innovación entendendo como tal a nova maneira de plantexar un negocio rural , sen perder a esencia da sustentabilidade territorial pero empregando os recursos que a sociedade actual ofrece tales como a dixitalización ou as novas formas de mercado, ofrecen múltiples posibilidades de diversificar económica un territorio rural que cada vez se torna menos hostil para calquera tipo de aposta sectorial. Debemos potenciar o multiservizo no rural do territorio
Medidas ou liñas de actuación	M1.1 Desenvolvemento do tecido produtivo local mediante a adaptación das empresas actuais e/ou a creación de novas actividades de carácter innovador para a creación de emprego de calidade. M1.2 Mellorar a competitividade do sector agrario de xeito compatible coa sustentabilidade ambiental e potenciar a

	industria de transformación e comercialización agroalimentaria. M1.3 Fomentar a cooperación interempresarial para aproveitar a complementariedade dos recursos, habilidades e experiencias en distintas partes da cadea de valor contribuíndo así tamén á loita polo cambio climático. M1.4 Promoción do territorio como elemento diferenciador e identificador de produtos e servizos innovadores desenvolvidos no territorio do GDR. M1.5 Contribuír á redución do desequilibrio entre a oferta formativa e os requirimentos do mercado de traballo comarcal para lograr a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. M1.6 Fomentar o espírito empresarial e a cultura emprendedora na poboación, en especial entre as mulleres e a xuventude. M1.7 Contribuír con medidas de responsabilidade social corporativa á redución da brecha salarial, ao fomento das iniciativas de empoderamento da muller, ao fomento da inclusión social, á loita contra a violencia de xénero. M1.8 Fomentar a mellora dos servizos básicos asistenciais á poboación. M1.9 Contribuír a axudar que o relevo xeracional nas empresas se produza dunha maneira planificada e ordenada para garantir o seu desenvolvemento e continuidade.
--	--

LE 2 – MELLORA DA CALIDADE DE VIDA DA POBOACIÓN

Obxectivo xeral (OX)

OX5 Medidas de responsabilidade social

OX 7 Servizos á poboación

Descrición

Os servizos asistenciais básicos ou a conciliación familiar son dous dos eidos que máis preocupa actualmente, nun territorio cada vez máis envellecido con maior número de dependentes e con familias onde os dous pais traballan e que non é doado conciliar vida laboral e familiar, considérase esencial esta liña estratéxica con medidas de actuacións destinadas a favorecer a calidade de vida e ao desenvolvemento persoal e social.

	Así mesmo a responsabilidade social nos diferentes ámbitos de actuación que inflúen no respecto ás persoas é esencial para crear unha sociedade que aínda que se desenvolva economicamente en positivo, xere as condicións necesarias para conseguir un crecemento xusto e respectuoso. Non se deben arbitrar medidas de mellora do territorio sen ter presente a necesidade imperiosa de que toda a poboación sexa beneficiaria das mesmas, e por iso esta liña estratéxica debe ser tida en conta ante cada actuación de desenvolvemento.
Medidas ou liñas de actuación	M3.1 Facilitar o proceso de consolidación da identidade comarcal entre os seus habitantes e promocionar fora do territorio como espazo de calidade ambiental. M3.2 Contribuír ao fornecemento do tecido asociativo a través de formación e inclusión de ferramentas de xestión e de traballo en rede como vía para mitigar o cambio climático. M3.3 Fomentar a igualdade real e efectiva de mulleres e homes en todos os ámbitos da sociedade. M3.4 Fomentar a integración socio laboral da mocidade a través da educación, da inserción profesional e o ocio. M3.5 Impulsar a integración social dos colectivos en risco de exclusión mediante a mellora das condicións de vida e o fomento da súa participación na sociedade mediante procesos innovadores. M3.6 Apoiar a creación e posta en marcha de servizos a poboación dependente.

LE3 - CONSERVACIÓN, RECUPERACIÓN E REHABILITACIÓN DO PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL

Obxectivo xeral (OX)	OX6 Conservación do patrimonio rural (natural e etnográfico)
Descrición	A Liña pretende definir como estratéxico o aproveitamento sostible do territorio. O patrimonio histórico e natural é hoxe un dos principais recursos endóxeos que o territorio oferta para afondar en tres principais cuestións: - O fomento do orgullo de pertenza a dito territorio, o que permite que a poboación ofrezca maiores anhelos de implementar os seus proxectos vitais e empresariais no mesmo.

	- O emprego de ditos recursos como elementos diferenciadores cara a unha atracción de visitantes con fins turísticos. Algo moi necesario nunha zona con alto valor neste sector. - O aproveitamento dos recursos históricos e naturais como cales de venta territorial asociados á posta en valor dunha sociedade respectuosa como medio, o que incide na oferta turística, pero tamén na oferta de convivencia de persoas que buscan o seu hábitat no rural. Por todo elo, o feito de establecer medidas que incidan na recuperación dos mesmos e na potenciación do seu uso deixará por un lado abertas novas posibilidades de establecer novas empresas e iniciativas vinculadas ao sector, o que favoreza o asentamento da poboación, e en segundo termo conseguir que o territorio rural gañe en resiliencia ante as emerxencias provocadas pola combinación de abandono do territorio e consecuencias do cambio climático. Todas estas actuacións deben de facerse dende os estándares propios da sostibilidade, xa que son os mesmo que garantiran unha correcta conservación do ecosistema. Para elo adquirirán importancia as pautas formativas e informativas de sensibilización ecolóxica.
Medidas ou liñas de actuación	M2.1 Mellorar o estado de conservación do patrimonio rural para a súa posta en valor mediante procesos innovadores. M2.2 Estimular o desenvolvemento de actividades rurais, tradicionais e complementarias á actividade agrogandeira (agroturismo, artesanía, etc) potenciando o emprego de calidade. M2.3 Facilitar a incorporación de sistemas de eficiencia enerxética e enerxías renovables nas empresas e nas institucións públicas. M2.4 Potenciar a xestión integral dos RSU, inertes, tóxicos, perigosos, industriais e agrogandeiros. M2.5 Elevar o nivel de conciencia ambiental colectiva do territorio, mediante a motivación e implicación da cidadanía. M2.6 Estimular o desenvolvemento de actividades rurais vinculadas a cultura, como elemento diferenciador e identificador do territorio aproveitando tamén o paso do Camiño de Santiago polo territorio.

M2.7 Mellorar o aproveitamento dos recursos endóxenos de cara á diversificación produtiva e social.

1.3. Actuacións propias de animación a realizar polo grupo

Para manter informada á poboación local sobre as axudas que ofrece, a estratexia e sobre os resultados que se van obtendo a medida que esta se executa, e en particular para difundir os proxectos aprobados prevense unha serie de accións que permitan a través de diversas canles facer chegar xa non so a existencia do Leader e do **GDR Terras de Miranda** que o xestiona, senón tamén a existencia de proxectos que valoricen o territorio, apostas tanto produtivas como non produtivas con impacto real e positivo sobre o territorio, ou mesmo a difusión da propia zona como localización apta para establecer un proxecto vital no rural galego.

Para elo planifícanse varias formulas de aplicación publicitaria e que se relacionan na seguinte listaxe:

- Publicación de noticias e información, tanto das axudas que ofrece a estratexia, como dos proxectos subvencionados, na web e nas redes sociais do GDR: Para elo pretende continuarse na elaboración de vídeos acerca de proxectos subvencionados onde non solo se realiza difusión do impacto do GDR e o seu impacto territorial senón que se achega igualmente unha ferramenta de difusión comercial ao promotor.
- Difusión nos medios de comunicación: seguiremos apostando por secuencias de emisión de spots publicitarios sobre a existencia de momentos clave no GDR como a convocatoria de axudas, reforzando a súa posición como elemento dinamizador.
- Notas de prensa e roldas de prensa cando se consideren que se pode achegar información nova e relevante.
- Espazos publicitarios para difundir eventos, cursos de formación realizados coa Estratexia sempre que o permitan os orzamentos.
- Difusión por e-mail de todas as actividades e eventos organizados subvencionados coa Estratexia a todos os membros da Asemblea, e aos beneficiarios das axudas, e ás persoas e organizacións que formaron parte do proceso de participación, así como a todas as persoas que o soliciten.

- Emprego das canles colaborativas asociadas a xestión e funcionamento do GDR (Xunta Directiva e Asemblea como liña transmisora das mensaxes e valores do Grupo).

Pero si ben é importante a animación cara a persoas externas a asociación, e igual de necesaria a animación que denominaremos “interna” orientada tanto cara os promotores e usuarios do GDR, como tamén de aqueles sectores de opinión que convivan dentro dos órganos de xestión do propio grupo.

Para elo prevese a realización de distintas actuacións para difundir os requisitos dos proxectos e beneficiarios, as operacións ou liñas de actuación existentes, e as posibles axudas:

- Rolda de prensa aos medios de comunicación locais.
- Publicación de información útil para solicitar as axudas da Estratexia na páxina web do GDR <https://terrasdemiranda.org/>.
- Carta informativa dixital, ou incluso visita persoal por parte do persoal técnico do GDR aos concellos anunciando o inicio da execución da estratexia programada, e ofrecendo unha charla informativa aos municipios interesados.
- Charlas nos municipios e asociacións interesados.
- Información a outros técnicos de desenvolvemento de distintas entidades da comarca (principalmente ADL), ben a través dunha reunión, ou mediante entrevistas personalizadas.
- Deseño de follas informativas para todas as persoas, empresas e entidades interesadas en emprender unha iniciativa auxiliábel coa Estratexia. Recollerán a seguinte información: requisitos dos beneficiarios, trámites, documentación a entregar para solicitar a axuda, tipos de proxectos auxiliábeis, e criterios de subvención. Entregarase aos interesados que se informen na oficina do GDR, e enviarase por correo electrónico ás persoas que así o soliciten. Estas follas informativas estarán dispoñible tamén na páxina web e facilitarán os datos de contacto da oficina do **GDR Terras de Miranda** na seguinte dirección: **Rúa Julia Pardo Montenegro, 13, 27740 Mondoñedo, Lugo**, horario de atención de 9 a 14h, Teléfono: **982 507 111** e-mail: terrasmiranda@gmail.com, etc..
- O GDR responderá as cuestións que reciba de posibles promotores, ben na súa oficina, por teléfono, e-mail ou correo postal.

Ademais, durante o proceso de execución da estratexia, a información sobre as axudas difundirase abertamente mediante algunhas das accións de publicidade descritas no punto anterior deste documento.

▪ **Programación das actuacións propias de animación**

Tal e como se reflexa no paragrafo anterior o GDR xestionará a animación dende dúas perspectivas, a **valorización territorial** segundo a Estratexia de Desenvolvemento Local, e unha segunda perspectiva de **difusión da súa labor**, que son aquelas actuacións que tratan de difundir e informar do traballo do GDR.

Por todo elo relacionamos dous cadros de actuacións a realizar dende as dúas perspectivas de traballo.

Táboa 5. Programación das actuacións propias de animación a realizar polo grupo

	ACTUACIÓN	CONTIDO DAS ACTIVIDADES PREVISTAS (DESTINATARIOS, RECURSOS UTILIZADOS, FORMATOS E CANLES, ...)
A1	Promoción de proxectos e/ou actividades subvencións	A través de cortos de vídeo promocionais porase en valor a necesidade das axudas para poñer en marcha proxectos no territorio que inciden directamente no desenvolvemento da comarca. Ditos vídeos serán empregados nas diversas RRSS do GDR e así mesmo poderán ser empregados como insercións publicitarias nas diferentes canles de comunicación audiovisual. O target dos mesmo será en todo caso outros potenciais emprendedores do territorio que se poden ver reflexados no contido, e mesmo posibles clientes do sector ou do proxecto presentado.
A2	Xestión de medios de comunicación na difusión da actuación do GDR	É importante para o GDR ter unha boa comunicación programática do seu labor que con carácter periódico sexa promocionada a través da difusión da súa actualidade informativa. Para elo emitiranse comunicados e/ou notas de prensa onde se valorice a xestión diaria do GDR, a convocatoria de roldas de prensa para aqueles aspectos cuxo interese sexa maior, ou mesmo facer programas de difusión específicos para medios de comunicación con entrevistas,

		reportaxes, etc... que permitan a correcta comunicación da actividade do grupo.
A3	Xestión das RRS (Facebook, Instagram, etc..) e outras actividades diversas de difusión	A presenza actualizada dos GDR nas RRSS debe de ser unha constante na difusión da actividade do GDR, xerando información de actualidade (xornadas, cursos, publicación de convocatoria, etc..), de contexto (proxectos apoiados, participación en outras actividades como colaborador como a “loita contra a violencia de xénero”, etc..) e mesmo no relativo a información e comunicación da actividade orgánica da asociación. A día de hoxe e tendo en conta o target ao cal nos queremos dirixir, facebook e instagram entendemos que son as dúas canles de uso preferente) Igualmente o GDR pretende seguir na xeira de aumentar a súa visibilidade cara a poboación en xeral e mais concretamente cara a a poboación máis nova polo cal seguirá a trazar como no período 2014-2020 actividades como a presenza en feiras, certames, festas e tamén coa organización de andainas que dinamicen e promociónen o territorio.
A4	Mailings e comunicacións dixitais	O GDR plantexará con carácter periódico unha serie de mailings que reporten información de actualidade e mesmo de contexto, e que será enviada a entidades que poidan redifundir a mensaxe como Asociacións de empresarios, culturais, entidades publicas como concellos e/ou mancomunidades, etc... así mesmo farase unha base de datos de persoas que soliciten ter esta información e que sexan así mesmo receptores desta información.

ACTUACIÓNS DE ANIMACIÓN INTERNAS:

ACTUACIÓN

CONTIDO DAS ACTIVIDADES PREVISTAS (DESTINATARIOS, RECURSOS UTILIZADOS, FORMATOS E CANLES, ...)

A5	Comunicación oficiais e informativas aos órganos de decisión do GDR	Referirse esta actuación a xestión de comunicacións informativas aos órganos de representación do GDR como son as convocatorias de xuntas directivas, asembleas, reunións, etc..
A6	Emprego dos medios de comunicación para información das actuación e actividades “internas” do GDR	Os medios de comunicación, destacando aqueles de índole escrita son as mellores canles informativas acerca da celebración de reunións oficiais como Xuntas directivas, ou de carácter informativa ou participativo, así como os resultados obtidos nas mesmas (Datos, decisións, etc...)
A7	Xestión das RRSS como canle comunicativa	Empregaranse as RRSS para informar igualmente de reunións, convocatorias, xornadas ou calquera outra actuación do GDR.
A8	Charlas, formación e información da actividade do GDR cara a potenciais colaborados na difusión da mesma.	O persoal técnico do GDR desenvolverá unha actuación global de información das axudas Leader e do desenvolvemento da súa estratexia, para elo achegarse a posible colaboradores na redifusión da información tales como ADL, concellos, entidades asociativas, etc..

I.4. Plan de formación do GDR

A evolución no referente ao mercado laboral no territorio é unha cuestión clave á hora de definir a estratexia formativa do GDR. Compre polo tanto facer unha análise da mesma e avaliar as necesidades dos diferentes sectores con capacidade de xerar emprego para orientar as decisións que poidan reverter no beneficio dos obxectivos da estratexia e o tempo na mellora das condicións de empregabilidade da poboación.

I.4.1 Diagnose do mercado laboral do territorio e relación coa estratexia do GDR

Terras de Miranda ten unha estrutura económica baseada na primacía dos traballadores asalariados, que supoñen máis do 70% do total de traballadores ocupados.

Entre estes, destacan os que se atopan en situación de emprego fixo ou permanente, que representan o 46,15% do total da poboación ocupada. Isto débese fundamentalmente á importancia de determinadas empresas situadas neste territorio, como as relacionadas co mundo da pesca, a empresa Alcoa, que ocupa o maior número de traballadores da comarca, ou a propia cerámica Sargadelos, que incluso contando

cun número de asalariados moito menor que a anterior, ten gran resonancia histórica en toda España e sempre foi unha das empresas máis importantes das Mariñas.

Os concellos con maior porcentaxe de poboación ocupada permanente ou indefinida son Foz e, sobre todo, Viveiro, especialmente pola pesca, co porto de Celeiro como máximo expoñente, seguido de preto por Cervo, Alfoz e Burela, onde a actividade pesqueira de a esta última únese a madeira e a cerámica dos outros dous concellos. A práctica totalidade dos demais concellos que integran As Mariñas manteñen o predominio dos asalariados fixos ou fixos, pero en menor proporción que os citados anteriormente, que alcanzaron ou superaban o 50% do total de asalariados.

Os asalariados en situación laboral temporal ou temporal supoñen o 24,32% do total de traballadores por conta allea, aínda que os concellos do Vicedo, O Valadouro ou Cervo superan o 30% dos ocupados como temporais ou interinos. Só Trabada, A Pontenova, Alfoz e Lourenzá presentan porcentaxes inferiores ao 20% neste colectivo de traballadores, o que indica a limitada mobilidade laboral en concellos máis ben rurais e tradicionais, onde o emprego existente é permanente e non se crean novos postos de traballo que poden comezar como eventual ou temporal para converterse posteriormente en indefinido. O resto dos concellos sitúanse nun intervalo entre o 20 e o 30% dos asalariados eventuais. É o caso de Burela, Foz, Mondoñedo, Ourense, O Vicedo, Viveiro, Xove, Barreiros e Ribadeo.

En segundo lugar sitúanse os empresarios ou profesionais autónomos, o 29% do total de traballadores por conta allea, a maioría deles non emprega persoal (20,72%) e desenvolven a súa actividade tanto no sector primario como no terciario. Os concellos que teñen entre a súa poboación activa a maior porcentaxe de poboación empresarial que non emprega persoal son os concellos máis rurais, nos que predomina o sector primario con explotacións agrarias dirixidas polo propietario, sen contratar a ningunha persoa para a dita actividade laboral; É o caso de Ourense, Trabada ou Valadouro.

Concellos como Mondoñedo, Lourenzá, A Pontenova ou Barreiros onde o terciario ten certa consistencia, os empresarios sitúanse máis neste sector, pero na súa maioría rexentados unicamente por eles, sen man de obra adicional empregada. Os empresarios con asalariados ao seu cargo son minoritarios dentro do espectro laboral da poboación das Mariñas, pero é de considerable importancia tendo en conta o relativo desenvolvemento empresarial que existe alí. A porcentaxe de empresarios empresariais supera en máis dun punto as medias provinciais e galegas e a súa maioría dedícanse a actividades pesqueiras, metalúrxicas ou madeireiras.

A Mariña Central e Oriental son as comarcas que máis destacan en porcentaxe de empresarios empresariais (9,21% e 8,91% respectivamente), destacando os concellos

de Lourenzá e Burela (11,36% e 10,97% respectivamente). Pola súa banda, A Mariña Occidental acolle só o 6,92% da poboación ocupada con situación profesional de empresario-empleado, un valor similar ao do colectivo galego. Os concellos con menor porcentaxe de poboación ocupada son Trabada, Xove, Ourense e O Valadouro, que non chegan ao 7% do total.

A situación laboral remanente da poboación ocupada (axuda familiar ou socios de cooperativas) apenas ten importancia xa que ten unha representación meramente testemuñal: non chega ao 0,5% do total. A taxa de actividade está a diminuír paulatinamente nas Mariñas, como consecuencia do envellecemento da poboación existente.

As causas fundamentais desta situación son a emigración que sufriu este territorio ao longo do século XX e a forte baixada da natalidade, que provocou un descenso considerable do número de mozos activos.

A comarca na que máis destaca este descenso é a da Mariña Occidental. Os concellos con descenso máis acusado son os de O Vicedo e Ourense da devandita comarca. A taxa de actividade feminina, pola súa banda, experimentou un notable incremento nos últimos vinte anos, situándose máis de 16 puntos por riba da media provincial e máis de 15 puntos por riba da media galega, como consecuencia das mulleres ocupadas en primaria e sectores terciarios que cotizan na Seguridade Social cando antes non o facían; Ademais de que hoxe en día, co aumento da actividade forestal, levantáronse moitas explotacións en nome da muller. Tamén contribuíron a incrementalo a creación de obradoiros de confección na zona para empresas multinacionais e a tradición da industria cerámica, na que destaca considerablemente o emprego feminino.

Dentro da poboación activa hai que diferenciar entre poboación ocupada e desempregada. A estrutura sectorial da poboación ocupada experimentou un cambio considerable, pasando dun predominio do sector primario, no que a pesca tivo un papel importante, a unha primacía do sector terciario debido ao descenso das actividades agrarias, aínda que a pesca continúa como un subsector líder nesta área.

Pola súa banda, o sector secundario mantén a mesma proporción entre estas dúas décadas estudadas. O cambio máis salientable na estrutura económica da zona é o incremento da oferta de servizos, que se representa polo incremento de máis de 15 puntos da taxa de poboación ocupada e, pola contra, o descenso da poboación dedicada ás actividades agrarias, que se producen no incremento da oferta de servizos. especialmente destacado nos concellos máis rurais, que descendeu 14 puntos nos anos estudados.

Identifícanse con carácter inicial aqueles proxectos que o GDR ven levando a cabo no período de programación 2014-2020 e que se entende están a supoñer un éxito tanto no seu desenvolvemento como na consecución dos obxectivos propostos. Aparte vese durante o desenvolvemento dos mesmos que queda aínda percorrido para chegar a cumprir co fin último dos proxectos que non é outro que implantar un novo nicho económico territorial que a través de medidas innovadoras posibilite a implantación de novas iniciativas relacionadas cos proxectos, co cal cabe seguir apostando por desenvolver os proxectos e manter a cooperación cos grupos participantes.

Táboa 7. Plan de cooperación e traballo en rede

C1.- ECOCOMEDORES	
Descrición	O proxecto pretende animar os circuítos alimentarios de proximidade nos centros escolares, mediante o fomentos dos produtos locais, ecolóxicos e de temporada, buscando adaptar os menús ás novas recomendacións sanitarias. A pertinencia do proxecto destácase debido á existencia dun proxecto de Real Decreto relacionado coa promoción dunha alimentación saudable e sostible nos centros educativos, o que reflicte o interese da sociedade en abordar a obesidade infantil, ao tempo ao que se contribúe ao desenvolvemento rural.
Obxectivos	- Revisar os menús escolares, incorporando produtos locais, de temporada e ecolóxicos, sen aumentar os custos. - Promover unha alimentación saudable e sostible empregando produtos locais nos comedores escolares, reducindo a pegada de carbono ao evitar transportes a longas distancias, apoiar ás pequenas empresas alimentarias rurais e ampliar o acceso aos produtos locais. - Divulgar o proxecto entre as familias, equipos educativos e a sociedade en xeral.
Entidades cooperantes	GDR 1 Terras de Miranda, GDR 2 Terra Chá, GDR 3 Montes e Vales Orientais, GDR 4 Comarca de Lugo, GDR 5 Miño – Ulla, GDR 10 Limia - Arnoia, GDR 13 Condado - Paradanta, GDR 14 Galicia Suroeste Eu Rural, GDR 19 Terras de Compostela, GDR 20 Ulla – Tambre - Mandeo, GDR 22 Costa da Morte, GDR 23 Mariñas - Betanzos, GDR 24 Seitura 22
Forma ou tipo de cooperación	A Cooperación entre os Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) é altamente efectiva para o intercambio e a transferencia de experiencias exitosas en diferentes territorios. Estes territorios que participan no proxecto de cooperación teñen un enorme potencial para o desenvolvemento dunha estratexia centrada na alimentación, que estimule a comercialización e o consumo de produtos locais na súa área de influencia, centrando a actuación nos comedores escolares.
Accións a desenvolver	- Asesoramento nutricional a centros escolares. Revisar os menús de cada centro, analizando as necesidades e cambios que sería necesario aplicar para elaborar menús saudables, con produto local, de tempada e

	ecolóxico, sen que supoña un incremento económico da partida alimentaria.. - Accións de sensibilización, formación e talleres para a comunidade educativa e persoal de cociña. Charlas teóricas e obradoiros prácticos para a elaboración de pratos con alimentos de tempada e cálculo de ingredientes para a elaboración de fichas técnicas. - Xornadas de menú con produto local e/ou ecolóxico. Organización de xornadas en cada un dos centros educativos participantes en cada GDR. - Accións de información e comunicación do proxecto. Elaboración de materiais divulgativos e organización de eventos de difusión para dar a coñecer o proxecto con degustación de produto local. - Accións de apoio ao sector produtor e mellora da loxística
--	--

C2. MI PUEBLO MI VIDA_ O MEU POBO A MIÑA VIDA	
GDR ou entidades	Por determinar
Obxectivos da cooperación	- Fomentar entre a poboación nova o sentido de pertenza, arraigamento e, polo tanto, frear os procesos de despoboamento. - Xerar autoconfianza entre os mozos nas súas propias capacidades para afrontar proxectos profesionais e persoais, e lograr o aumento da motivación dos mozos para chegar a ser cidadáns activos capaces de comprometerse co desenvolvemento do seu territorio, fomentando a participación. - Fomentar o espírito asociativo entre os mozos dos territorios socios do proxecto, xerando procesos participativos.
Forma de colaboración	Cooperación LEADER NACIONAL
Accións concretas	As propias dos elementos de animación, comunicación e transparencia (webs, uso de RRSS, etc..), xunto con

	outras por determinar entre os GDR participantes á hora de elaborar os proxectos.
--	---

C3. AÚN NO ES TARDE _AÍNDA NON É TARDE	
GDR ou entidades	Por determinar
Obxectivos da cooperación	- Definir as distintas tipoloxías arquitectónicas locais - Conservación do patrimonio cultural edificado - Traballar a idea do patrimonio como xerador de benestar - Procesos integrais de planificación e xestión baixo un modelo - Contribución ao desenvolvemento sostible - O patrimonio como recurso para o establecemento dun tipo de turismo de calidade
Forma de colaboración	Cooperación LEADER NACIONAL
Accións concretas	As propias dos elementos de animación, comunicación e transparencia (webs, uso de RRSS, etc..), xunto con outras por determinar entre os GDR participantes á hora de elaborar os proxectos.

C4. INTERRITMOS: SONS DO RURAL	
GDR ou entidades	GDR 18 Deloa, GDR 4 Comarca de Lugo, GDR 6 Ribeira sacra Courel, GDR7 Valdeorras GDR 17 Salnés-Ulla-Umia, GDR 19 Terras de Compostela, GDR 21 Asdecomor, GDR 22 Costa da Morte
Descrición	Interritmos xurdiu como un proxecto de cooperación a nivel nacional desenvolvido entre os anos 2011-2014, no que participaron 11 grupos de desenvolvemento rural de Galicia, Cantabria, Castela León, Andalucía e Extremadura. Debido ao elevado grado de participación do sector, e da implicación da poboación, a Asociación Deloa, seguiu celebrando unha das accións máis valorada do proxecto

	“o festival Interritmos“, de musica tradicional ata a actualidade, poñendo en práctica diferentes formatos. Prantésaxe este proxecto para continuar desenvolvendo estas actividades de fomento da cultura musical dos territorios no período de programación LEADER 2023-2027 desenvolvéndose como proxecto de cooperación entre varios GDRs galegos.
Obxectivos da cooperación	Interritmos xurdiu como un proxecto de cooperación a nivel nacional desenvolvido entre os anos 2011-2014, no que participaron 11 grupos de desenvolvemento rural de Galicia, Cantabria, Castela León, Andalucía e Extremadura. Debido ao elevado grado de participación do sector, e da implicación da poboación, a Asociación Deloa, seguiu celebrando unha das accións máis valorada do proxecto “o festival Interritmos“, de musica tradicional ata a actualidade, poñendo en práctica diferentes formatos. Prantésaxe este proxecto para continuar desenvolvendo estas actividades de fomento da cultura musical dos territorios no período de programación LEADER 2023-2027 desenvolvéndose como proxecto de cooperación entre varios GDRs galegos. Os obxectivos son: - Apoio ás capacidades de creación local no ámbito da música con base tradicional e de raíz, como eixo de desenvolvemento rural e de emprendemento emerxente. - Impulso da profesionalización e visibilización de grupos e solistas vinculados á música tradicional e ao territorio. - Facilitar espazos de intercambio entre músicos e profesionais da Industria Musical. - Conectar a música con base tradicional e de raíz con outros elementos do patrimonio cultural inmaterial galego.
Forma de colaboración	O proxecto Interritmos nos últimos anos veu desenvolvéndose como unha actividade de traballo en rede entre varios GDRs. A cooperación vai supor un valor engadido que se reflexa na utilización dunha metodoloxía común a tódolos territorios, o que permite o

	intercambio de coñecementos e experiencias que poden levar á adopción de mellores prácticas. A idea principal sería continuar coas liñas de traballo desenvolvidas ata a actualidade coa execución deste proxecto e con sucesivos proxectos de cooperación, co fin de que estas accións sexan permanentes na medida do posible.
Accións concretas	Accións comúns: - Elaboración das Bases do Concurso que rexerán o proxecto INTERRITMOS SONS DO RURAL. - Posta en marcha dunha plataforma web de inscrición e o seu mantemento. - Recepción dos temas artísticos e das inscricións, así como a comprobación do cumprimento dos requisitos das bases e publicación na plataforma web. - Elección e designación dos membros do Xurado. - Posta en marcha da AUDICIÓ, na que participarán os dez grupos finalistas elixidos polo Xurado. - Comunicación aos premiados e realización de todas as xestións necesarias para a obtención dos premios. - Elección e adquisición dos obsequios (artesanía e/ou produtos tradicionais) que se van a entregar a cada un dos participantes en Interritmos. - Elaboración da memoria final do proxecto. Accións individuais: - Organización e o desenvolvemento de xornadas formativas vencelladas á realización da AUDICIÓ e circuítos musicais dos grupos gañadores. - A organización e o desenvolvemento das actuacións ou eventos que formen parte do Circuito musical dos grupos gañadores e da xornada formativa. Outras accións a maiores das indicadas, sempre que estas teñan coherencia co proxecto.

C5. TECENDO CULTURA

Antecedentes, xutificación e interese	Varios GDR galegos participaron nun proxecto de cooperación que levaba por título “Gestión de la sostenibilidad en eventos culturales con espectáculos en vivo en espacios rurales” que tivo como resultado unha serie de recomendacións.
--	--

	Estas recomendacións foron o xerme para a participación, dalgúns dos Grupos de Desenvolvemento Rural socios deste proxecto, como entidades colaboradoras nun programa Coworking que se desenvolveu no ano 2022 e nunha segunda edición no ano 2023, sendo implementado ao abeiro do convenio asinado entre a Fundación Paideia Galiza e a Escuela de Organización Industrial, para a posta en marcha de accións formativas que fomenten o emprendemento. A través deste proxecto, os GDR involucrados nesta iniciativa, pretendemos continuar e complementar o traballo iniciado, poñendo en marcha unha nova iniciativa
Breve descrición do proxecto	Proxecto de dinamización cultural onde se alumean novos espazos e propostas de creación cultural e artístico
Obxectivos	Reflexionar, dende os diferentes territorios, sobre o emprendemento en cultura/artes como eixo de desenvolvemento rural sustentable. Dar a coñecer as tendencias e implicar aos emprendedores no tecido empresarial. Deslocalizar das áreas urbanas eventos relacionados coa arte e a cultura
Entidades cooperantes	GDR 1 Terras de Miranda, GDR 2 Terra Chá, GDR 4 Comarca de Lugo, GDR 6 Ribeira sacra Courel, GDR 13 Condado Paradanta, GDR 18 Deloa, GDR 21 Asdecomor, GDR 22 Costa da Morte
Valor engadido da cooperación	Fomento do networking entre os socios do proxecto e entre os axentes dos diferentes sectores participantes. Fortalecer o coñecemento e o traballo en rede entre iniciativas emprendedoras dos territorios involucrados
Accións a desenvolver	Organización e desenvolvemento de eventos culturais en cada territorio participantes

	Divulgación e posta en común de experiencias de éxito vencelladas a emprendedores culturais (cultura, patrimonio, gastronomía, ...) Materiais de difusión do proxecto
Repercusión	A identificación de novas oportunidades e necesidades, así como a posta en valor do patrimonio cultural, facilitará o desenvolvemento de proxectos emprendedores entorno á cultura e ás artes, así como a xeración de sinerxías con outros sectores.

I.6. Planificación temporal

Táboa 4. Planificación temporal dos proxectos e actividades

[illegible]

C5														
----	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

I.8. Normas de xestión e baremo

As normas para a selección, baremación e priorización dos proxectos están descritas nos baremos que presentamos de seguido, pero en todo casos os proxectos presentados deberán recibir a aprobación por parte de Agader.

Requisitos de subvencionabilidade dos proxectos:

- ✓ Viabilidade: ser viable técnica, económica e financeiramente, para os proxectos de natureza produtiva, e técnica e financeiramente para os proxectos non produtivos.
- ✓ Adecuación do proxecto á estratexia de Desenvolvemento local definitiva
- ✓ Axustarse á normativa sectorial (comunitaria, nacional e autonómica) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto.
- ✓ De ser finalista, que na data de xustificación final dos investimentos ou gastos subvencionables se cumpran os obxectivos e función para os cales foron aprobados os proxectos. Non serán subvencionables fases dun proxecto que non constitúa una actividade finalista.

As axudas concedidas no marco do programa Leader **serán incompatibles con calquera outras que, para o mesmo proxecto e finalidade, leven cofinanciamento comunitario**, independentemente do fondo de procedencia e a súa tipoloxía (subvención directa, bonificación de xuros...).

Coa excepción anterior, as axudas concedidas no marco do programa Leader serán compatibles con outras axudas, subvencións ou recursos públicos e privados destinados a financiar o mesmo proxecto, sempre que:

- ✓ importe acumulado das axudas non exceda do custe da actividade subvencionada.
- ✓ importe total das axudas públicas non exceda dos límites máximos previstos na normativa de axudas do estado.

Os proxectos que o GDR seleccionará serán de dúas tipoloxías:

- **Proxectos Produtivos:** proxectos que supoñen a realización dunha actividade económica, tendentes á produción de bens ou servizos e que supoñen unha creación ou mantemento de emprego. Os proxectos

de natureza produtiva acadarán, cando menos, o 65% dos fondos públicos totais asignados ao GDR no ámbito da submedida para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo.

- **Proxectos Non Produtivos:** proxectos promovidos por entidades sen ánimo de lucro, entidades públicas locais, comunidades de montes veciñais en man común ou as súas mancomunidades, que non supoñan o inicio ou o desenvolvemento dunha actividade económica. No suposto de que o proxecto constitúa unha actividade económica, terá a consideración de non produtivo cando os ingresos que se xeren procedan de taxas no caso de proxectos promovidos por entidades públicas locais. No resto dos casos, tanto para os proxectos promovidos por entidades públicas locais en que os ingresos proceden de prezos públicos como nos casos de proxectos promovidos por outros promotores distintos ás entidades públicas locais, os proxectos poderán ter a consideración de non produtivos cando o beneficio neto non chegue a superar o valor de capitalización do investimento ao xuro legal do diñeiro. En todo caso, esixirase que os proxectos non produtivos teñan un interese público ou colectivo, é dicir, deberán ser proxectos que afecten, interesen ou beneficien dalgún xeito ao conxunto da poboación en xeral.

Os proxectos de natureza non produtiva acadarán, como máximo, o 35% dos fondos públicos totais asignados ao GDR no ámbito da submedida para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo.

LIMITACIÓNS SECTORIAIS

Atendendo a RESOLUCIÓN de 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas **no DOG. Num.89, do 10/05/2023** por parte da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) establece as limitacións sectoriais concretas por razón de complementariedade e de coherencia con outros investimentos públicos que incidan sobre o territorio.

A maiores tamén se dispón en ditas bases que será un Convenio coa Axencia de Turismo de Galicia a que igualmente dispoña as limitacións no tocante as actuacións en dito sector.

Por parte do GDR, establécense unha serie de limitacións específicas territoriais que se delimitan no seguinte cadro.

LIMITACIÓNS NA TIPOLOXÍA DE INVESTIMENTOS

- ✓ **En investimentos que consistan en actividades económicas do sector servizos** (talleres, tinturerías, lavanderías, clínicas, tanatorios, asesorías, salóns de peiteados, despachos profesionais e calquera outra actividade económica (proxectos produtivos) será subvencionable en todos os núcleos (entidade singular) cando non exista a dita actividade o cal deberá demostrarse cun informe elaborado no Concello de referencia..

Excepcionalmente, no caso de actividades que podan compartir o mesmo IAE pero que sen embargo se observa claramente que son actividades diferentes a outras que puideran desenvolverse neste mesmo núcleo de poboación, deberá aportarse un informe técnico municipal que delimite a existencia ou non de dita tipoloxía de empresa.

A creación dunha actividade nova, deberá levar aparellada como mínimo a creación de 0,5 UTAs e no caso de ampliación e modernización de estas actividades será subvencionable sempre que como mínimo consolide as UTAs procedentes do Informe da plantilla media de traballadores da Tesouraría Xeral da Seguridade Social correspondente aos 12 meses anteriores á data da solicitude de axuda, así como dos autónomos ligados á actividade, como mínimo durante 5 anos posteriores á certificación final de pagamento.

- ✓ **En investimentos no sector comercio** polo miúdo serán subvencionables en todos os núcleos (entidade singular) cando non exista a dita actividade o cal deberá demostrarse cun informe elaborado polo Concello de referencia.
 - No caso de produtos de artesanía, deben ser feitos por artesáns da área polo menos o 50% dos produtos, o artesán debe estar en posesión da carta de artesán vixente e ter o seu domicilio fiscal na área do GDR.
 - En ningún caso será subvencionable a adquisición das mercadorías destinadas á venda.

Excepcionalmente, no caso de actividades que podan compartir o mesmo IAE pero que sen embargo se observa claramente que son actividades diferentes a outras que puideran desenvolverse neste mesmo núcleo de poboación, deberá aportarse un informe técnico municipal que delimite a existencia ou non de dita tipoloxía de empresa.

A creación dunha actividade nova, deberá levar aparellada como mínimo a creación de 0,5 UTAs e no caso de ampliación e modernización de estas actividades será subvencionable sempre que como mínimo consolide as UTAs procedentes do Informe da plantilla media de traballadores da Tesouraría Xeral da Seguridade Social correspondente aos 12 meses anteriores á data da solicitude de axuda, así como dos autónomos ligados á actividade, como mínimo durante 5 anos posteriores á certificación final de pagamento.

- ✓ **No suposto de establecementos dedicados á valorización de produtos ou recursos propios do territorio**, subvencionaranse á condición de que teñan na súa oferta polo menos nun 50 % produtos do ámbito de actuación do GDR. (Denominación de orixe, IXP ou produtos procedentes do territorio que se xustificarán con facturas de compra).

Cando a venda de produtos agroalimentarios se realice dentro dunha explotación agraria, como mínimo deberá dispoñer de dous produtos do territorio ademais dos producidos ou elaborados na propia explotación.

- ✓ **No sector de investimentos en establecementos turísticos** e para as inversións en actividades económicas do sector servizos no marco do sector da hostalaría rexerá convenio de colaboración que se firme entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e a Axencia de Turismo de Galicia.

Non se aceptarán como subvencionables investimentos que supoñan melloras en establecementos de aloxamento e restauración que estean en funcionamento, tales como as melloras para aumentos de categoría, a mellora das condicións de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, obras destinadas á mellora de instalacións coa finalidade de obter certificacións de calidade, en especial a Q de calidade turística, actuacións de renovación e modernización das

instalacións e embelecemento do entorno da instalación, ao haber unha liña de financiación específica a través da Consellería de Turismo.

Si se aceptarán como subvencionables os investimentos que supoñan a implantación de servizos turísticos complementarios a un establecemento de aloxamento e/ou restauración que estea en funcionamento na data de presentación da solicitude de axuda e a creación, modernización e ampliación de empresas de actividades de servizos turísticos.

Definir con Agader e a Axencia de Turismo de Galicia, os establecementos turísticos existentes por núcleos de poboación no territorio de actuación e soamente se subvencionarán, como carácter innovador, tipoloxías de establecementos que non existan no mesmo. En canto a non existencia do servizo ou actividades deberá o promotor presentar un informe do Concello ou organismo competente en conformidade.

- ✓ **No caso de investimentos que incidan na recuperación elementos do patrimonio histórico e cultural de Galicia**, presentárase un informe municipal que acredite a súa importancia priorizando os identificados no Catálogo de Patrimonio da Xunta de Galicia ou ben como elemento protexido nun inventario público de carácter municipal PXOM, Plan Básico, etc..).
- ✓ **LOCAIS SOCIAIS**: Non se subvencionarán en ningún caso novos locais sociais. Os investimentos nos mesmos quedarán reducidos a pequenas obras de acondicionamento e/ou mellora da dotación de mobiliario e/ou servizos (cociña, baño, etc..) en locais xa existentes para o desenvolvemento de novas actividades.

LIMITACIÓNS FINANCIEIRAS

PROXECTOS PRODUTIVOS

1.- A limitación das axudas dos proxectos produtivos por regra xeral e máis aló do disposto na RESOLUCIÓN de 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas no DOG. Num.89, do 10/05/2023 como limitacións específicas **será de 130.000 €.**

Este importe poderá chegar aos **150.000€** si se crean como mínimo 2 UTAs.

A excepción dos proxectos de creación de prazas de aloxamento turístico, leven ou non aparelada o desenrolo de algunha actividade ou servizo turístico complementario, que terá una axuda máxima de **100.000€**.

PROXECTOS NON PRODUTIVOS

1.- A limitación das axudas dos proxectos non produtivos por regra xeral e máis aló do disposto na RESOLUCIÓN de 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas no DOG. Num.89, do 10/05/2023 como limitacións específicas **será de 60.000 €** para entidades públicas e de **70.000€** para entidades privadas, independentemente da prioridade na que se enmarque o proxecto.

BAREMO DE PROXECTOS PRODUTIVOS E NON PRODUTIVOS

Para que un proxecto poida ser baremado e subvencionado deberá responder aos seguintes criterios de subvencionalidade:

- ✓ Carácter innovador, entendido non só como innovacións tecnolóxicas senón como a exploración de novos xeitos de enfrontarse aos retos do territorio.
- ✓ Viabilidade: o proxecto debe ser viable técnica e economicamente, comprobándose especialmente a súa viabilidade financeira.
- ✓ Adecuación do proxecto á estratexia do programa de desenvolvemento definida.

Así mesmo, establecéronse unha serie de criterios que teñen o carácter de obrigatorios, polo que o incumprimento dalgún destes criterios será causa de denegación do proxecto.

Os criterios de obrigatorio cumprimento son:

1. O proxecto deberase acometer na zona de aplicación do Programa.
2. O ámbito destas entidades singulares de poboación será o definido polo INE e coa delimitación establecida pola oficina do catastro de cada Concello, de maneira que no caso de dúbida, requiriráselle un informe a este departamento para que indique se o proxecto se localiza dentro destas entidades singulares de poboación excluídas ou non.

3. Os beneficiarios deben estar ao corrente das obrigacións tributarias e da seguridade social.
4. Que o proxecto non este iniciado antes de solicitar a axuda. Sen embargo, poderanse subvencionar fases de proxectos globais xa iniciados cando esas fases poidan seren consideradas como proxectos finalistas en si mesmas, sendo obxecto da solicitude de axuda as devanditas fases finalistas non iniciadas. Entenderase por fase ou proxecto finalista o proceso que conduza á obtención dun resultado final propio, aínda que dependa da execución doutras partes ou proxectos, previos ou paralelos, para a súa obtención.
5. O destino das inversións debe manterse ao menos durante 5 anos dende a certificación da finalización das inversións ,a menos que exista lexislación específica máis restritiva ao respecto.
6. No caso de iniciativas de natureza produtiva todos os beneficiarios deberán cumprir os requisitos de pequena empresa relacionados coa cifra de negocios ,número de empregados e balance xeral que se indicarán no convenio a firmar entre o GDR e as Administracións que financien.
7. Respetar as normativas urbanísticas vixentes, dispoñer de permisos, autorizacións, inscricións e rexistros ou calquera outros requirimentos que sexan exixibles pola Comunidade Autónoma ou municipio ,para o tipo de mellora ou actividade de que se trate.

En resumo, o baremo que se pretende aplicar no GDR1 será o seguinte:

TIPO DE PROXECTO	LÍMITE DE AXUDA PÚBLICA
PRODUTIVOS	✓ MÍNIMO 15% E MÁXIMO 50% ✓ NOTA DE CORTE MÍNIMA: 20 PUNTOS ✓ PUNTUACIÓN MÁXIMA: 100 PUNTOS ✓ CONTÍA MÁXIMA DE AXUDA: 130.000 €
NON PRODUTIVOS	✓ MÍNIMO 15% E MÁXIMO 90% ✓ LÍMITE MÁXIMO PRIORIDADE ALTA: 90 % ✓ LÍMITE MÁXIMO PRIORIDADE MEDIA: 70 % ✓ LÍMITE MÁXIMO PRIORIDADE BAIXA: 50%

CRITERIOS DE SELECCIÓN E BAREMACIÓN

O equipo técnico terá en conta, á hora de elaborar propostas positivas de subvencionalidade ao órgano actuante, aquelas actividades que se dirixan, de modo expreso, á valorización das potencialidades endóxeas do territorio, especialmente ligadas ao eixo de desenvolvemento proposto no proxecto, de maneira directa ou indirecta.

Teranse en conta así mesmo, aquelas iniciativas que favorezan a aplicación de novas tecnoloxías; a capacidade de xerar sinerxías e traballar en rede, así como de formalizar acordos estables que dean continuidade e posibilidades de expansión a sectores como o turismo, a artesanía, o comercio, os servizos, o sector agroalimentario, etc.

Da mesma maneira, terase en conta o carácter innovador, o efecto de transferencia e o valor demostrativo dos proxectos, así como a capacidade das iniciativas de mellorar os sistemas de produción ou os servizos locais.

O equipo técnico procederá á análise das iniciativas, e elaborará un Informe de Valoración en función do cal se determinará a concesión ou non da axuda, así como a proposta de importe de esta, tendo en conta os máximos de axuda establecidos.

O baremo proposto, será de aplicación a todas as iniciativas. A subvención a outorgar, en cada caso, será proporcional aos puntos obtidos pola iniciativa na baremación, sempre dentro dos límites establecidos no convenio e o réxime de axudas.

O baremo establecerase en base a indicadores cuantitativos e con aqueles de carácter cualitativo que poidan ser traducidos a indicadores medibles e cuantificables.

CRITERIOS DE VALORACIÓN

PROXECTOS PRODUTIVOS

1.- LOCALIZACIÓN DA INICIATIVA

Poboación da Parroquia onde se localiza o proxecto	máximo 8 puntos
a. parroquias de 200 habitantes ou menos	8
b. parroquias de máis de 200 habitantes ata 500 hab.	6
c. parroquias de máis de 500 habitantes ata 1500 hab.	4
d. parroquias de máis de 1500 habitantes	2

*Baremación por poboación da parroquia.
Fonte: Poboación: IGE, Padrón Continuo (2022)*

Densidade de Poboación do Concello onde se localiza o proxecto	máximo 8 puntos
a. Concellos de 50 hab./km ² ou menos	8
b. Concellos de máis de 50 hab./km ² ata 100 hab./km ²	6

c. Concellos de máis de 100 hab./km ² ata 200 hab./km ²	4
d. Concellos de máis de 200 hab./km ²	2

Baremación por densidade do concello.

Fonte: Poboación: IGE, Padrón Continuo (2022)

Porcentaxe de perda de poboación no último decenio do Concello onde se localiza o proxecto	máximo 8 puntos
a. Perda de poboación no último decenio igual ou superior ao 20%	8
b. Perda de poboación no último decenio inferior ao 20% e igual ou superior ao 15 %	6
c. Perda de poboación no último decenio inferior ao 15% e igual ou superior ao 10 %	4
d. Perda de poboación no último decenio inferior ao 10 %	2

Baremación por porcentaxe da perda de poboación no último decenio. Fonte: Diferenza poboacional: IGE, Padrón Continuo (2012-2022)

2. TIPO DE PROMOTOR (INDIVIDUAL OU COLECTIVO), DOMICILIO FISCAL DO MESMO E GRAO DE INTEGRACIÓN EMPRESARIAL.

Promotor de Proxectos	máximo 10 puntos
a. Entidades de economía social	10
b. Persoas físicas (puntos acumulables)	6
- Mozos/as ≤ 40 anos ou persoas ≥ 50 anos	+2
- Mulleres	+2
- Persoas con discapacidade	+4
- Parados/as de larga duración	+4
- Emigrantes retornados	+4
c. Sociedades mercantís (puntos acumulables)	6
- Si as persoas socias son mulleres nunha porcentaxe ≥50%	+2
- Si as persoas socias son xóves nunha porcentaxe ≥50%	+2
- Si as persoas socias son persoas con discapacidade nunha porcentaxe ≥50%	+2
d. Entidades públicas, locais ou comarcais	6
e.- Comunidades ou mancomunidades de montes veciñais en man común (acumulable co seguinte apartado)	8
-Desenvolvemento dunha actividade agraria ou de rexeneración ambiental do monte	+2
f.- Formación e/ou experiencia da persoa ou entidade promotora con respecto á actividade que se desenrola	+2

Neste criterio “Promotor de proxectos” sumaranse dous puntos mais si se acredita o punto f de formación e/ou experiencia, especificado a continuación, e tamén se sumarán dous puntos máis, si o domicilio social está no territorio de actuación, ou no caso de persoas individuais, si atópanse empadroados no territorio.

Considéranse entidades de economía social aquelas entidades que, de conformidade cos principios recolleitos no artigo 4 da LEI 5/2011, DE 29 DE MARZO, DE ECONOMÍA SOCIAL perseguen ben o interese colectivo dos seus integrantes, ben o interese xeral económico ou social, ou ambos.

Forman parte da economía social as cooperativas, as mutualidades, as fundacións e as asociacións que leven a cabo actividade económica, as sociedades laborais, as empresas de inserción, os centros especiais de emprego, as confrarías de pescadores, as sociedades agrarias de transformación e as entidades singulares creadas por normas específicas que se rexan polos principios establecidos no artigo mencionado.

A puntuación no apartado f) “Formación” rexerase polo seguinte: se o promotor acredita experiencia de traballo (a través do informe de vida laboral) na actividade a desenrolar puntuarase con 1,5 puntos; se o promotor acredita formación académica e/ou técnica (a través dos respectivos títulos académicos /técnicos) relacionada coa actividade 1 punto, se o promotor acredita formación a través de cursos (a través dos respectivos títulos) relacionados coa actividade 0,5 puntos.(A puntuación pode ser acumulable hasta os 2 puntos).

3. MODALIDADE DO PROXECTO

Modalidade do proxecto	máximo 10 puntos
Proxecto produtivo	
a. Investimentos en actuacións vinculadas a procedementos ou instrumentos de mobilización ou recuperación de terras regulados na normativa vixente	10
b. Creación	10
c. Modernización	9
d. Ampliación	8

Baremación por modalidade do proxecto produtivo.

Por modernización entenderase a diversificación da produción dun establecemento en novos produtos adicionais ou un cambio fundamental na natureza da produción ou na tecnoloxía correspondente.

4. CREACIÓN OU CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO. A puntuación será acumulable ata a puntuación máxima.

Emprego (UTA: Unidades de Traballo Anual)	máximo 24 puntos
Creación e/ou Consolidación por ratio de investimento /UTA	
Ratio <30.000€ investimento elixible/ nº UTAs	8
Ratio >=30.000 e <=60.000 investimento elixible/nº UTAs	6
Ratio >60.000 investimento elixible/UTAs	4
Colectivos desfavorecidos	
Mulleres	4
Mozos/as <=40 anos	6
Persoas >= 50 anos	8
Persoas con discapacidade	10
Autoemprego	
Autoemprego	8

Baremación por creación ou consolidación de emprego

En referencia ao cálculo da puntuación para proxectos que non xeren UTAs completas de emprego, o cálculo realizarase por regra de tres proporcional ás UTAs e a puntuación de cada apartado.

BONO RURAL ACTIVA:

*AQUELES PROXECTOS QUE SE ACOLLAN AO BONO RURAL ACTIVA, OBTÉRÁN

EN ESTE CRITERIO POR DEFECTO OS 24 PUNTOS DE MÁXIMO.

5. INCIDENCIA MEDIO AMBIENTAL DO PROXECTO. A puntuación será acumulable se o proxecto encaixa en varios apartados ata a puntuación máxima

Medio Ambiente	máximo 10 puntos
a. Dispor dalgunha certificación expedida por unha entidade de certificación acreditada na ENAC e/ou dispor da marca galega de excelencia en igualdade	8
b. Utiliza enerxías renovables nun 5% do investimento aceptado	8
c. Utiliza tecnoloxías que permiten diminuír nun 10% o consumo enerxético	8
d. Proxecto que supoña un acondicionamento ou adecuación de un espazo natural protexido	10
e. Proxecto que supoña a posta en valor de recursos patrimoniais e/ou ambientais	10

Baremación por incidencia ambiental do proxecto

No relativo ao apartado a) o promotor deberá dispor dalgunha das seguintes certificacións expedidas por unha entidade de certificación acreditada na ENAC: Certificación en sistemas de xestión de calidade, certificación en sistemas de xestión ambiental, certificación en sistemas de responsabilidade social e/ou dispor da marca galega de excelencia en igualdade.

As porcentaxes ás que se fai referencia nos apartados b e c aplicaranse sobre o investimento aceptado. O punto c só sería puntuable no caso dunha ampliación ou modernización.

Para acreditar calquera dos apartados mencionados anteriormente (b, c) presentarse un informe emitido por un técnico competente ou auditoría enerxética que acredite esta circunstancia, en caso contrario, non se puntuará o proxecto este ítem.

6. ADECUACIÓN DA ACCIÓN AOS OBXECTIVOS E NATUREZA DO PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO

Concordancia e sintonía da iniciativa cos obxectivos e estratexia do programa.	máximo 16 puntos
a. Investimentos no sector agrícola e forestal	16

b. Investimentos na creación, ampliación e modernización de empresas en sectores da economía distintos ao da produción agraria primaria e ao sector turístico	16
c. Investimentos de creación, ampliación e mellora de servizos básicos e asistenciais á poboación rural, favorecendo a mellora da calidade de vida	16
d. Investimentos no sector turístico	
- Referidos á creación, ampliación e/ou modernización de iniciativas relacionadas con empresas de servizos turísticos.	14
-Establecementos de aloxamento e/ou restauración que xa estean en funcionamento e que implanten servizos turísticos complementarios á súa actividade	12
- Creación de prazas de aloxamento	8

Baremación por concordancia e sintonía da iniciativa cos obxectivos e estratexia

Os proxectos que podan encaixar en máis de un obxectivo, determinarase o mesmo pola porcentaxe de inversión subvencionable máis alta correspondente a cada finalidade. Neste caso o promotor debera presentar unha declaración responsable e/ou unha certificación dun profesional independente que confirme qué porcentaxe de inversión solicitada corresponde a cada actividade, en caso contrario, valorará o equipo técnico do GDR o obxectivo no que se enmarca o proxecto.

7. UTILIZACIÓN DE RECURSOS ENDÓXENOS. A puntuación será acumulable ata a puntuación máxima.

Utilización dos recursos endóxenos	máximo 6 puntos
a. Transformación e comercialización de produtos agro-forestais do territorio	4
b. Si como mínimo a metade das UTAs creadas son persoas empadroadas no territorio	3
c. Inputs empregados na execución do proxecto, son de procedencia do territorio do GDR en máis do 20% do investimento aceptado	3

Baremación por utilización dos recursos endóxenos.

Para acreditar o apartado b) haberá que presentar o certificado de empadramento das UTAs creadas computables no mesmo.

A procedencia dos inputs haberá que xustificala presentado as facturas proforma na solicitude de axuda e as facturas na solicitude de pagamento. A porcentaxe á que se refire o apartado c) será aplicada sobre o investimento aceptado.

NOTA: INCREMENTARASE NUN 25% A PUNTUACIÓN DOS PROXECTOS EN AQUELES CONCELLOS NON COSTEIROS QUE NON PODEN ACUDIR ÁS AXUDAS CONVOCADAS POLOS GRUPOS DE ACCIÓN DO LITORAL PESQUEIRO (GALP)

BONO ACTIVA RURAL

Aqueles promotores cuxa decisión sexa acollerse ao **BONO ACTIVA RURAL**, e unha vez superen a concorrência competitiva coa puntuación acadada na totalidade do baremo, acudiran ao seguinte cadro para coñecer cal será a puntuación coa que contan a hora de definir a contía de axuda vinculada a dito “BONO”:

BONO ACTIVA RURAL	LÍMITE DE AXUDA PÚBLICA
PRODUCTIVOS	
	✓ ENTRE 20-29 PUNTOS: 8.000 €
	✓ ENTRE 30-39 PUNTOS: 10.000 €
	✓ ENTRE 40-49 PUNTOS: 12.000 €
	✓ ENTRE 50-59 PUNTOS: 15.000 €
	✓ MÁIS DE 59 PUNTOS: 18.000 €

CALCULO DA AXUDA

As porcentaxes de axuda entre o máximo e o mínimo, unha vez definidas a nota de corte e a nota á cal se lle asignará a porcentaxe de axuda máxima, calcularanse mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtidos no baremo, axustado esa porcentaxe a dous decimais e tendo en conta que a porcentaxe de axuda mínima que poderán percibir os proxectos sitúase no 15 % para os proxectos produtivos e no 40 % para os proxectos de natureza non produtiva.

PROXECTOS PRODUCTIVOS

Nas iniciativas de carácter produtivo para converter os puntos obtidos da aplicación dos baremos en porcentaxe de subvención aplicarase da seguinte forma:

- ✓ Os proxectos deberán conseguir unha puntuación mínima de 20,00 puntos no baremo, que se corresponderá cunha porcentaxe mínima do 15 %.
- ✓ Os proxectos conseguirán a puntuación máxima de subvención cando no baremo obtéñanse polo menos 65,00 puntos, correspondendo unha porcentaxe do 50 %.
- ✓ Así pois a porcentaxe de axuda dos proxectos con puntuación entre 20 e 65 puntos, para poder establecerse en relación proporcional directa, calcularase restando 20 puntos á puntuación que resulte do baremo, multiplicando por 0,777777 e sumándolle 15.

FORMULA DE CÁLCULO

$$\text{Porcentaxe da subvención} = [(Puntuación \text{ do baremo} - 20) * 0,777777] + 15$$

TÁBOA DE QUIVALENCIA DA PORCENTAXE DE AXUDA EN RELACIÓN COA PUNTUACIÓN

PUNTACIÓN BAREMO	% DE AXUDA	PUNTACIÓN BAREMO	% AXUDA
20	15,00	43	32,89
21	15,78	44	33,67
22	16,56	45	34,44
23	17,33	46	35,22
24	18,11	47	36,00
25	18,89	48	36,78
26	19,67	49	37,56
27	20,44	50	38,33
28	21,22	51	39,11
29	22,00	52	39,89
30	22,78	53	40,67
31	23,56	54	41,44
32	24,33	55	42,22
33	25,11	56	43,00
34	25,89	57	43,78
35	26,67	58	44,56
36	27,44	59	45,33
37	28,22	60	46,11
38	29	61	46,89
39	29,78	62	47,67
40	30,56	63	48,44
41	31,33	64	49,22
42	32,11	MAIOR OU IGUAL A 65	50,00

PROXECTOS NON PRODUTIVOS**1. LOCALIZACIÓN DA INICIATIVA**

Poboación da Parroquia onde se localiza o proxecto	máximo 8 puntos
a. parroquias de 200 habitantes ou menos	8
b. parroquias de máis de 200 habitantes ata 500 hab.	6
c. parroquias de máis de 500 habitantes ata 1500 hab.	4
d. parroquias de máis de 1500 habitantes	2

*Baremación por poboación da parroquia.
Fonte: Poboación: IGE, Padrón Continuo (2022)*

Densidade de Poboación do Concello onde se localiza o proxecto	máximo 8 puntos
a. Concellos de 50 hab./km ² ou menos	8
b. Concellos de máis de 50 hab./km ² ata 100 hab./km ²	6
c. Concellos de máis de 100 hab./km ² ata 200 hab./km ²	4
d. Concellos de máis de 200 hab./km ²	2

*Baremación por densidade do concello.
Fonte: Poboación: IGE, Padrón Continuo (2022)*

Porcentaxe de perda de poboación no último decenio do Concello onde se localiza o proxecto	máximo 8 puntos
a. Perda de poboación no último decenio igual ou superior ao 20%	8
b. Perda de poboación no último decenio inferior ao 20% e igual ou superior ao 15 %	6
c. Perda de poboación no último decenio inferior ao 15% e igual ou superior ao 10 %	4
d. Perda de poboación no último decenio inferior ao 10 %	2

Baremación por porcentaxe da perda de poboación no último decenio. Fonte: Diferenza poboacional: IGE, Padrón Continuo (2012-2022)

No caso de proxectos que afecten a dúas ou máis parroquias, asignáraselles a puntuación da parroquia ou núcleo de poboación que máis valoración teña no total deste criterio de “Localización da iniciativa”.

2. TIPO DE PROMOTOR (INDIVIDUAL OU COLECTIVO), DOMICILIO FISCAL DO MESMO E GRAO DE INTEGRACIÓN EMPRESARIAL.

Promotor de Proxectos	máximo 10 puntos
a. Persoas xurídicas sen ánimo de lucro	10
b. Entidades públicas, locais ou comarcais	8
c. Comunidades ou mancomunidades de montes veciñais en man común	8

Neste criterio sumaranse dous puntos máis, si o domicilio social está no territorio de actuación.

3. MODALIDADE DO PROXECTO. A puntuación pode ser acumulable ata a puntuación máxima.

Modalidade do proxecto	máximo 17 puntos
Proxecto non produtivo	
a. Recuperación, rehabilitación e/ ou mantemento ambiental/ patrimonial/etnográfico	13
b. Promoción	7
c. Infraestruturas Públicas	9
d. Servizos sociais/TICs/I+D+i	15
e. Iniciativas que faciliten centros para a transformación e comercialización de produtos agrarios no territorio	14
f. Mobilización ou recuperación de terras/ actuacións en solo rural e inversións ligadas a aldeas intelixentes	12

Baremación por modalidade do proxecto non produtivo.

A recuperación ambiental/ patrimonial deberá contar con un informe favorable previo do departamento da Xunta competente na materia.

Como promoción consideraranse as actuacións que repercutan no desenvolvemento da identidade territorial, creación, consolidación ou difusión dos valores culturais, patrimoniais, ambientais ou turísticos da comarca por diferentes medios: Sinalización, medios dixitais, impresos, eventos, etc...

Por infraestruturas públicas considerásense neste baremo as obras realizadas pola administración pública para establecer un servizo de interese xeral que pode ter enfoque turístico e mesmo recreativo, incluíndose accións de sinalización turística e musealización.

Os proxectos de mobilización ou recuperación de terras, así como as actuacións en solo de núcleo rural das aldeas modelo estarán vinculados a proxectos de rehabilitación, rexeneración e renovación do espazo urbano, enerxías renovables, Tic e economía circular.

O proxecto sumará catro puntos en calquera das tipoloxías contempladas cando se creen sinerxias durante a realización da nova actividade. Entendendo como tal, colaboración con outras entidades públicas ou privadas, para conseguir que o efecto no territorio sexa maior. (Presentarase convenio de colaboración ou borrador do mesmo entres as partes implicadas durante a tramitación do expediente, na fase final de aportación final de documentación deberá aportarse o convenio firmado).

Un financiamento dubidoso pode ser motivo de anulación do expediente.

4. CREACIÓN OU CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO. A puntuación pode ser acumulable ata a puntuación máxima.

Emprego (UTA: Unidades de Traballo Anual)	máximo 10 puntos
Proxecto non produtivo que require creación de emprego para o seu desenvolvemento	
Creación en colectivos non desfavorecidos	4
Mulleres	6
